



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se modifica o Decreto 37/2007, do 15 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Axencia Galega de Emerxencias

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se regulan os termos da xestión do treito enlace de Cea–A-52, da estrada autonómica Alto de Santo Domingo–A-52

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto sobre a aplicación, durante o período 2008/2009 do sistema de retención á conta previsto no Decreto 158/2007, do 21 de xuño, polo que se regula a aplicación do réxime da taxa láctea
- Decreto polo que se regula a utilización de animais para experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia, e se crea o Rexistro dos Centros de Cría, de Subministradores e Usuarios e a Comisión Galega de Benestar dos Animais de Experimentación

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Decreto polo que se declaran de interese cultural, coa categoría de sitio histórico, as Torres de Meirás, situadas no termo municipal de Sada, na provincia da Coruña

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Decreto polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia



ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza establecer un anticipo superior ao 10 por cento da subvención, no momento da concesión na Resolución do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais para o desenvolvemento das liñas de actuación e estímulo á formación de mulleres e se procede á súa convocatoria
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, o Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar e o Concello de Cerceda, para a redacción do proxecto de obra e actuacións preparatorias para a construción dun centro de día e residencial para persoas maiores
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello da Coruña, para a contratación e posta en funcionamento dun equipo de inclusión sociolaboral, no marco do II Plan Galego de Inclusión Social
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Vigo, para a contratación e posta en funcionamento dun equipo de inclusión sociolaboral, no marco do II Plan Galego de Inclusión Social
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Vigo, para levar a cabo a primeira fase das obras de construción dunha instalación para actividades musicais que inclúe un local de ensaio con sete salas e estudo de gravación, así como a primeira fase do seu equipamento
- Acordo polo que se asina un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia-Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a *Fundación Meniños*, para a execución do programa de integración familiar



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de cooperación entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Universidade de Santiago de Compostela, para a financiamento do programa oficial de posgrao de enfermaría “Atención sanitaria, xestión e coidados”
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e as entidades prestadoras de servizos sociais da provincia da Coruña, para contribuír ao mantemento dos equipamentos sociais na área de discapacidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e as entidades prestadoras de servizos sociais da provincia de Lugo, para contribuír ao mantemento dos equipamentos sociais na área de discapacidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e as entidades prestadoras de servizos sociais da provincia de Pontevedra, para contribuír ao mantemento dos equipamentos sociais na área de discapacidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade *Asociación de pais a favor das persoas con atraso mental de Ourense* (ASPANAS) para contribuír ao mantemento dos centros: ocupacional residencial, centro ocupacional e centro de día

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Xunta de Galicia, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o Concello de Vigo para o desenvolvemento do proxecto científico tecnolóxico da Cidade do Mar nos terreos da antiga Escola de Transmisións e Electrónica da Armada en Vigo
- Acordo polo que autoriza a subscripción da addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Cultura e Deporte, a Secretaría Xeral de Comunicación da Presidencia da Xunta, a Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia e as tres universidades de Galicia, para a renovación do convenio de creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia
- Acordo polo que se autoriza o gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas previstas na Resolución da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación ao



desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades formativas e de sensibilización e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e a Unión Xeral de Traballadores de Galicia, para levar a cabo un programa de información, orientación e asesoramento xurídico e sociolaboral para emigrantes retornados e inmigrantes
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e o Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia, para levar a cabo un programa de información, orientación e asesoramento xurídico e sociolaboral para emigrantes retornados e inmigrantes
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e a Confederación Intersindical Galega (CIG), para levar a cabo un programa de información, orientación e asesoramento xurídico e sociolaboral para emigrantes retornados e inmigrantes
- Acordo polo que se aproban os criterios de repartición do Fondo de Acción Social da Xunta de Galicia para o exercicio económico do ano 2008
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración, entre o Concello de Dumbría (A Coruña) e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para o acondicionamento da estrada Xestosa-O Ézaro
- Acordo polo que se fixa o módulo para a distribución do crédito que figura nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2008, destinado a subvencionar os gastos de funcionamento dos Xulgados de Paz

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de 5 anos na concesión dun aval por importe máximo dun millón cincocentos sesenta e un mil euros (1.561.000 euros) a *Lanera Galicia, S.L.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) a exceptuar a solicitante na achega de garantías reais suficientes e a establecer condicións especiais de subsidiariedade na concesión dun aval por importe máximo de dous millóns oitocentos mil euros (2.800.000 €) a *Mgi Coutier España, S.L.U.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) para establecer condicións especiais de subsidiariedade na concesión dun aval por importe máximo de dous millóns cen mil euros (2.100.000,00 €) a *Viza Automoción, S.A.U.*



- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco (5) anos na concesión dun aval por importe máximo dun millón catrocentos setenta mil euros (1.470.000 €) a *Industrias Pizarreras García Aguado, S.L.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco (5) anos na concesión dun aval por importe máximo de un millón setecentos setenta e oito mil catrocentos setenta e tres euros (1.778.473 €) a *Grupo Copo de Inversiones, S.A.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo dun millón trescentos cincuenta mil euros (1.350.000 €) a *Grupo Copo de Inversiones, S.A.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco (5) anos na concesión dun aval por importe máximo de cinco millóns catrocentos oitenta e oito mil oitocentos noventa e dous euros (5.488.892 €) a *Copo Fehrer, S.A.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e exceptuar a solicitante da achega de garantías reais na concesión dun aval por importe máximo de dous millóns cen mil euros (2.100.000 €) a *Feiraco S. Coop. Galega*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade na concesión dun aval por importe máximo de tres millóns de euros (3.000.000,00 €) a *Géneros de Punto Montoto, S.A.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo de setecentos mil euros (700.000 €) a *Conservas y Elaborados Guau, S.A.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para exceptuar a solicitante na achega de garantías reais suficientes, para establecer condicións especiais de subsidiariedade e a superar o prazo de vixencia de cinco (5) anos na concesión dun aval por importe máximo de setecentos mil euros (700.000 €) a *Gráficas del Noroeste S.A (GRAFINSA)*



- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco (5) anos na concesión dun aval por importe máximo dun millón trescentos trinta mil euros (1.330.000 €) a *Indeport, S.L*

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Vigo, para a construción do túnel da rúa Xulián Estévez
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Lourenzá á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Trabada á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Petín á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Boimorto á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a *Sociedade Xestora Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.*, para a realización de actuacións relacionadas coa creación da Rede de Parques Científicos e Tecnolóxicos de Galicia e a participación na Unidade CAPITA
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) e o Concello de Vilagarcía de Arousa para promover e potenciar o uso da bicicleta como medio de transporte urbano no concello de Vilagarcía de Arousa
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) e o Concello de Culleredo para promover e potenciar o uso da bicicleta como medio de transporte urbano no concello de Culleredo
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) e o Concello da Coruña para promover e potenciar o uso da bicicleta como medio de transporte urbano no concello da Coruña



- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) e o Concello de Ferrol para promover e potenciar o uso da bicicleta como medio de transporte urbano no concello de Ferrol
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) e o Concello de Redondela para promover e potenciar o uso da bicicleta como medio de transporte urbano no concello de Redondela
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do acordo de coordinación entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) para o desenvolvemento dunha actuación que fomente a maior participación dos medios colectivos no transporte por estrada
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Deputación Provincial da Coruña, para a rehabilitación e musealización do mosteiro de Caaveiro
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña para o acondicionamento arquitectónico e a habitabilidade dun local para a futura Unidade de Investigación en Madeira na Construción
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a *Fundación para a Investigación, Desenvolvemento Tecnolóxico e Innovación no Sector Pesqueiro de Celeiro* para o desenvolvemento do proxecto de ecocomercialización pesqueira
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Vigo para executar os compromisos establecidos no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación tecnolóxica 2006-2010 (INCITE), en relación coa función das OTRIS no sistema galego de investigación e innovación
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela para executar os compromisos establecidos no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010 (INCITE), en relación coa función das OTRIS no sistema galego de investigación e innovación



- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade da Coruña para executar os compromisos establecidos no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010 (INCITE), en relación coa función das OTRIS no sistema galego de investigación e innovación
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a *Asociación de Padres de Personas con Retraso Mental (ASPANAS)* para a implantación das novas tecnoloxías no novo centro para persoas con discapacidade intelectual con necesidades de apoio límite e intermitente e extenso ou xeneralizado
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Fundación Centro Galego do Plástico para o desenvolvemento de actuacións cara á creación e posta en operatividade do Centro Galego do Plástico

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se aproban os prezos que servirán como valores de referencia máximos para as transaccións que realice a *Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras de Galicia* (Bantegal) para o ano 2009

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Ribadavia para o desenvolvemento das obras de tratamento da muralla na rúa Tomás de Lemos do castelo dos Sarmiento
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Marín para a construción dun centro de acollida de visitantes aos petróglifos de Mogor

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo de autorización para a aceptación da cesión dunha parcela de 3.024,86 metros cadrados realizado a título gratuito polo Concello de Culleredo (A Coruña) a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde
- Acordo da autorización para a aceptación da cesión dunha parcela de 4.974 metros cadrados, feita a título gratuito polo Concello de Gondomar (Pontevedra), a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde



- Acordo polo que se autoriza a sinatura da prórroga ao concerto vixente do 29 de decembro de 2000 entre o Servizo Galego de Saúde e o *Hospital Povisa, S.A.*, para a prestación de asistencia sanitaria especializada aos beneficiarios da Seguridade Social
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da prórroga ao contrato-programa asinado o 29 de decembro de 2006 entre o Servizo Galego de Saúde e a *Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061*, para a coordinación e prestación de servizos de urxencias médicas 061
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da prórroga ao contrato-programa asinado o 1 de outubro de 2002 entre o Servizo Galego de Saúde e a *Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía (Fundación INGO)*, para a prestación de servizos de asistencia sanitaria así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da prórroga ao concerto vixente do 1 de marzo de 2004 entre o Servizo Galego de Saúde e a *Fundación Centro Oncolóxico de Galicia-José Antonio Quiroga y Piñeiro*, para a prestación de servizos en materia oncolóxica
- Acordo polo que se autoriza a validación da segunda addenda ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Defensa, a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e o Servizo Galego de Saúde, co fin de promover a utilización de determinados recursos sanitarios, no ano 2008, e o gasto efectuado por un importe de 293.618,81 euros
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio específico de colaboración entre a Administración xeral do Estado, a través do Instituto de Salud Carlos III, e a Comunidade Autónoma de Galicia no programa de estabilización de investigadores e de intensificación da actividade investigadora no sistema nacional de saúde
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da cláusula adicional segunda ao concerto do 5 de xuño de 2007 entre o Servizo Galego de Saúde e a empresa *Sierra Martiñá, S.L.*, para a reserva e ocupación de prazas para enfermos con trastorno mental persistente nos dispositivos complementarios de rehabilitación (lote 19, Ourense), pola que se incrementa o número de prazas concertadas na Unidade Residencial de Transición



CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da quinta addenda que prorroga ata o 30 de xuño de 2009 o convenio de colaboración asinado con data 21 de setembro de 2007, entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a *Agrupación de Interese Económico Lonxa de Campelo*, para a realización do proxecto de estabilización produtiva da ría de Pontevedra

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, sobre actuacións da Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal en materia de Rede Natura 2000
- Acordo polo que se autoriza a *Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama)* para a contratación: operación, mantemento e limpeza das plantas de transferencia grupo I e grupo II
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia e o Concello de Rianxo para a execución da obra: saneamento e abastecemento en Isorna. Rianxo (A Coruña), por importe de 2.643.664,86 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia e o Concello de Rianxo para a execución da obra: saneamento e abastecemento en Leiro. Rianxo (A Coruña), por importe de 2.220.048,51 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia e o Concello de Coles para a execución da obra: saneamento e abastecemento e saneamento no concello de Coles. Coles (Ourense), por importe de 588.025,23 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia e o Concello da Laracha para a execución da obra: ampliación da rede de saneamento no concello da Laracha (A Coruña), por importe de 859.554,83 euros
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Bueu para a execución das obras de mellora na bacía do río Bispo, Bueu (Pontevedra), por importe de 599.489,77 euros



CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo a establecer na orde que regula as bases dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, cofinanciados polo Fondo Social Europeo e procede á súa convocatoria para o ano 2009, anticipos superiores ao 10 por cento do importe das subvencións no momento da súa concesión
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo a establecer na orde que regula as bases das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e procede á súa convocatoria para o ano 2009, a concesión de anticipos superiores ao 10 por cento e a establecer compromisos de carácter plurianual
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo a establecer na orde que regula as bases e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego no ano 2009, anticipos superiores ao 10 por cento e a establecer compromisos de carácter plurianual
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo a establecer na orde que regula as bases e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2009 e 2010 de programas integrados para o emprego, anticipos superiores ao 10 por cento do importe das subvencións no momento da súa concesión e a establecer compromisos de carácter plurianual
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo a establecer na orde que convoca axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas, anticipos superiores ao 10 por cento do importe das subvencións no momento da súa concesión

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan sectorial de ordenación nas áreas empresariais para o parque empresarial de San Pedro de Leixa (Ferrol) e o seu proxecto sectorial e do correspondente proxecto de obras públicas

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Informe de seguimento das medidas de reactivación económica



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE MODIFICA A ESTRUCTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA

- ***A Dirección Xeral de Xustiza contará a partir de agora con tres subdireccións***
- ***Na Dirección Xeral de Protección Civil prodúcense cambios como consecuencia da creación da AXEGA***
- ***A Dirección Xeral de Administración Local modifica un dos seus servizos debido ás competencias asumidas en materia de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter estatal***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se establece a nova estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

As funcións asumidas en materia de xustiza, a creación da Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) –que asume parte das competencias que exercía a Dirección Xeral de Protección Civil- e o desenvolvemento práctico das funcións atribuídas ás distintas unidades administrativas son os elementos que fan necesaria esta modificación. Os cambios principais son os que afectan as direccións xerais de Xustiza, Protección Civil e Administración Local.

Dirección Xeral de Xustiza

Na Dirección Xeral de Xustiza crearase unha nova subdirección xeral. Esta considérase necesaria debido ás competencias que se asumen neste eido, principalmente a consecuencia da crecente necesidade de tarefas de relación coa Administración de xustiza por virtude das modificacións legais nesta materia, nomeadamente no que respecta ás leis sobre violencia sobre a muller e aos servizos que se deben prestar en relación con ela.

Polo tanto, o departamento estruturarase nas seguintes unidades:

- Subdirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza
- Subdirección Xeral de Recursos Humanos da Administración de Xustiza
- Subdirección Xeral de Medios e Novas Tecnoloxías da Administración de Xustiza
- Servizo de Programas e Estudos

Suprímense así a Subdirección Xeral de Planificación Orzamentaria, Medios e Novas Tecnoloxías da Administración de Xustiza e a de Relacións e Recursos Humanos da Administración de Xustiza, que son substituídas por estas.

Dirección Xeral de Protección Civil

Na Dirección Xeral de Protección Civil prodúcense cambios importantes como consecuencia da creación da AXEGA, xa que tras a aprobación da Lei de Emerxencias e a posta en funcionamento desta entidade era precisa a modificación das súas competencias, tal e como estaban establecidas no anterior decreto de estrutura orgánica.



Así, a antiga Subdirección Xeral de Análise e Xestión de Riscos pasará a denominarse Subdirección Xeral de Planificación, a esta corresponderalle a execución das políticas de avaliación, prevención, previsión e análise de riscos. Para o cumprimento das súas funcións contará cun Servizo de Xestión de Riscos e outro de Vixilancia Radiolóxica.

Pola súa banda, a Subdirección Xeral de Emerxencias e Calidade da Protección Civil será a partir de agora Subdirección Xeral de Calidade da Protección Civil, xa que tras a creación da AXEGA esta é a denominación máis acorde coas súas competencias. Nela haberá un Servizo de Apoio á Protección Civil.

Neste departamento amortízanse o Servizo de Loxística e Tecnoloxía de Emerxencias e o de Xestión do Sistema de Resposta ás Emerxencias, que non desaparecen senón que pasan a integrarse na Axencia Galega de Emerxencias.

Dirección Xeral de Administración Local

No que se refire á Dirección Xeral de Administración Local, debido ás competencias asumidas como consecuencia da aprobación do Estatuto básico do empregado público en materia de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter estatal, modifícanse os seus servizos especificando a distribución de tarefas entre os xa existentes.

Polo tanto, non varía o seu número, pero si a súa denominación. Deste xeito, o antigo Servizo de Réxime Xurídico e Desenvolvemento Normativo pasa a denominarse Servizo de Réxime Xurídico e Xestión de Funcionarios con Habilitación de Carácter Estatal.

Rexistro Xeral

O texto do decreto modifica así mesmo o Servizo do Rexistro Central, que engade ás súas funcións a de facilitar información aos cidadáns asumindo así as que viña prestando o Centro de Atención ao Cidadán. Polo tanto, as novas oficinas presenciais do Rexistro serán tamén de información.



A XUNTA APROBA A ESTRUTURA ORGÁNICA DA AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS

- ***A estrutura orgánica da AXEGA estará integrada polos seguintes órganos superiores de dirección: Consello Reitor, Presidencia, Vicepresidencia e Xerencia***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA). Neste documento defínese á axencia como o ente instrumental da Xunta de Galicia encargado do estudo e a execución da política autonómica en materia de protección civil e xestión das emerxencias, nos termos establecidos na Lei de emerxencias de Galicia. O decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia (DOG)*.

Segundo se recolle no decreto, para o desempeño das súas funcións, a estrutura orgánica da AXEGA estará integrada polos seguintes órganos superiores de dirección: Consello Reitor, Presidencia, Vicepresidencia e Xerencia. O Consello Reitor é o órgano colexiado de control, planificación e supervisión xeral da actividade do centro; a Presidencia e a Vicepresidencia correspóndenlle, respectivamente, ao titular da consellería competente en materia de protección civil e xestión de emerxencias e á persoa titular do órgano directivo desta; por último, a xerencia será nomeada polo Consello Reitor por proposta da Presidencia. Tal e como recoñece esta normativa, as funcións destes órganos de dirección aparecen recollidas nos artigos 7, 9, 10 e 11 do Estatuto da Axencia Galega de Emerxencias -aprobado polo Decreto 223/2007, do 5 de decembro-, respectivamente.

No caso da Xerencia da axencia, ademais das funcións recollidas no artigo 11 do Estatuto da AXEGA correspóndenlle outras como:

- a organización técnica e xestión do Centro de Atención de Emerxencias (CAE) 112 Galicia
- a elaboración de propostas para a mellora deste e o seu funcionamento
- a proposta de planificación, dotación, coordinación e supervisión de medios e recursos para a intervención e xestión das emerxencias -incluíndo as necesarias para a preparación do anteproxecto de orzamentos correspondentes aos seus programas de gastos-
- o deseño e desenvolvemento dos protocolos de atención de emerxencias, tendo en conta os medios e recursos, a dirección das operacións e definir os plans de actuación, procedementos e tácticas operativas

Ademais, a este organismo correspóndelle tamén a coordinación operativa das actuacións en materia de servizos contra incendios e salvamento local –sen prexuízo das competencias atribuídas por lei ás demais administracións-; o control e seguimento operativo do servizo de helicópteros polivalentes 112 Galicia; a promoción, colaboración e coordinación de unidades especializadas en tarefas de salvamento e socorro; así como os



estudos para a elaboración do Plan territorial de protección civil de Galicia, entre outras competencias.

Pola súa banda, o decreto reconece a existencia dunha Secretaría Xeral da Axencia Galega de Emerxencias que estará ao cargo dun representante elixido polo Consello Reitor pr proposta da Presidencia. O titular desta secretaría será tamén secretario do Consello Reitor, elaborará o balance e a conta anual de perdas e ganancias, executará a dirección administrativa e de persoal e coordinará, inspeccionará e controlará o funcionamento dos servizos e das dependencias da AXEGA.

Por último, o decreto reconece a creación dunha área relativa ao CAE 112 e outra de loxística e tecnoloxía, ambas dependentes da Xerencia da AXEGA; e dúas áreas máis de xestión económica e financeira e xurídica, dependentes da Secretaría Xeral. Neste sentido, á Área do CAE 112 correspóndelle a xestión operativa e a supervisión deste centro; a elaboración e revisión dos protocolos de actuación e a xestión de emerxencias; a realización dos estudos e proxectos de dotación de medios e equipamento e a elaboración de informes e da memoria anual relativa ao funcionamento do CAE 112. A Área de Loxística e Tecnoloxía, pola súa banda, deberá analizar as necesidades neste eido dos axentes que interveñen na xestión das emerxencias no ámbito da axencia e daqueles entes con que se coordine; planificar a implementación de novas ferramentas tecnolóxicas, de comunicación e loxísticas; controlar e supervisar as infraestruturas, equipamentos e sistemas informáticos e de comunicación da AXEGA e do CAE; así como colaborar coas outras administracións que interveñen nas accións de emerxencias e cos outros grupos que se coordinen coa AXEGA na implementación de novas tecnoloxías nos seus ámbitos de actuación.

No que se refire á área se xestión económica e financeira, esta elaborará os datos necesarios para que a Xerencia poida redactar o anteproxecto de orzamentos anuais e as correspondentes programacións plurianuais; desenvolverá as actuacións para o control da xestión orzamentaria e encargarse de todas as cuestións relacionadas coa xestión de persoal, nóminas, disposicións en materia laboral (Seguridade Social mutuas etc.), incluíndo a tramitación dos expedientes administrativos relativos ao persoal funcionario, laboral e eventual e a habilitación de gastos de persoal da AXEGA. A Área Xurídica terá como cometidos, entre outros, o asesoramento en materia legal e informativa sobre a legalidade de calquera actuación da AXEGA; a elaboración de estudos e informes; o estudo, tramitación e -se é o caso- elaboración dos anteproxectos e proxectos de disposicións de carácter xeral, as propostas de reclamacións e recursos formulados contra a axencia ou a coordinación das disposicións e actos administrativos para a súa publicación no DOG.



A XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE LIBERA DE PEAXE O TREITO ENTRE CEA E A A-52 DA AUTOESTRADA SANTIAGO-OURENSE

- ***A liberación da peaxe entre o Alto de Santo Domingo, en Dozón, e a A-52 nas proximidades de Ourense xa é efectiva no primeiro treito, Dozón-Cea, desde a súa posta en servizo o 15 de outubro de 2007***
- ***Co decreto aprobado hoxe aplícase o mesmo procedemento ao segundo e último treito autonómico desta infraestrutura antes de que entre en servizo a comezos do vindeiro ano***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se regulan os termos da xestión do treito entre o enlace de Cea e a autovía das Rías Baixas (A-52) da autoestrada autonómica Alto de Santo Domingo-Ourense (AG-53). A aprobación deste decreto supón o trámite administrativo necesario para a liberación da peaxe deste treito, o último da autoestrada autonómica libre de peaxe AG-53 que dá continuidade á autoestrada estatal AP-53 Santiago-Alto de Santo Domingo.

A liberación da peaxe da nova autoestrada autonómica entre o Alto de Santo Domingo, no concello de Dozón, e a A-52 nas proximidades de Ourense xa é efectiva no primeiro treito, Dozón-Cea, desde a súa posta en servizo o 15 de outubro de 2007. Agora, co decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta aplícase o mesmo procedemento ao segundo e último treito autonómico desta infraestrutura antes de que entre en servizo a comezos do vindeiro ano.

Como consecuencia desta medida adoptada pola Xunta de Galicia, os cidadáns que fagan uso de ambos treitos autonómicos non terán que pagar a peaxe prevista polo anterior executivo galego.

A situación herdada para a conexión entre Santiago e Ourense penalizaba de forma grave os usuarios desta infraestrutura e non favorecía o reequilibrio territorial ao impoñer unhas peaxes que supuñan un custo moi elevado para a accesibilidade e a mobilidade dun territorio necesitado de discriminación positiva. Por este motivo, o Executivo galego aplica para liberar de peaxe a cidadanía un sistema similar aos utilizados noutras actuacións como as autovías do Salnés ou da Barbanza.

En concreto, o decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta establece as tarifas que a Xunta aboará á concesionaria da autoestrada, ACEOUSA, para que os usuarios non teñan que pagar peaxe. Esta taxa será de 0,0747 euros por quilómetro (máis IVE) para os vehículos lixeiros, 0,1260 euros/quilómetro para os vehículos pesados de tipo 1 e 0,1494 euros/quilómetro para os vehículos pesados de tipo 2. Estas tarifas, no marco dos acordos subscritos no seu día polos anteriores gobernos autonómico e central, son semellantes ás establecidas para o treito de titularidade estatal Santiago-Alto de Santo Domingo.



O GOBERNO GALEGO APROBA O DECRETO DE APLICACIÓN DO SISTEMA DE RETENCIÓNS Á CONTA QUE REGULA A APLICACIÓN DO RÉXIME DA TAXA LÁCTEA EN GALICIA

- ***O decreto flexibiliza as retencións que se aplicarán en función do incremento do 20%, 10% ou 5% para as explotacións produtoras de leite en función das cantidades de referencia individuais de menos de 200.000 kg, entre 200.000 e 300.000 kg e de máis de 300.000 kg, respectivamente***

O Consello da Xunta aprobou o decreto de aplicación do sistema de retencións que regula durante o período 2008/2009 a taxa láctea en Galicia.

Esta só se aplicará ás explotacións produtoras de leite nos seguintes supostos:

- Cando dispoñan dunha cantidade de referencia individual igual ou inferior a 200.000 kg e as cantidades entregadas superen a cantidade de referencia dispoñible, incrementada nun 20%
- Cando dispoñan dunha cantidade de referencia individual maior de 200.000 kg, pero menor ou igual a 300.000 kg, e as cantidades entregadas superen a cantidade de referencia dispoñible incrementada nun 10%
- Cando dispoñan dunha cantidade de referencia individual superior a 300.000 kg e as cantidades entregadas superen a cantidade de referencia dispoñible nun 5%

Tendo en conta a evolución das entregas de leite e a cota dispoñible, a norma permitirá que as explotacións que superen a cota láctea asignada non sufran retencións á conta por parte das industrias primeiras compradoras.



APROBADO O DECRETO DE PROTECCIÓN DE ANIMAIS UTILIZADOS NA EXPERIMENTACIÓN E NOUTROS FINS CIENTÍFICOS

- ***Co obxectivo de velar polo benestar animal, créase o Rexistro dos Centros de Cría e a Comisión Galega de Benestar dos Animais de Experimentación, ao mesmo tempo que se dota dunha normativa específica para incidir na formación do persoal especializado neste ámbito***

O Goberno galego creará o Rexistro dos Centros de Cría, de Subministradores e Usuarios de Animais de Experimentación e a Comisión Galega de Benestar dos Animais de Experimentación ao abeiro do Decreto de protección de animais utilizados para experimentación e outros fins científicos aprobado polo Consello da Xunta. Este documento recolle tamén as normas para a formación deste persoal especializado.

Inscribiranse no rexistro todos os centros de cría, os centros subministradores e os centros usuarios situados dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Todos os establecementos usuarios estarán obrigados a comunicarlle á dirección xeral que corresponda da consellería competente en materia de sanidade e benestar animal os procedementos que teñen previsto realizar.

Nos centros usuarios existirá un Comité Ético de Benestar Animal que debe velar polo coidado e benestar dos animais de experimentación, en particular nos aspectos sinalados nas obrigas dos centros e dos procedementos realizados neles, segundo se establece no propio decreto e nas disposicións do Real decreto 1201/2005, do 10 de outubro. Este comité dotarase dun regulamento interno que defina e desenvolva, no seu ámbito, os seus integrantes e o seu funcionamento básico, segundo criterios de confidencialidade e representatividade, e que garanta a imparcialidade nas súas decisións. Entre as funcións do comité está avaliar e informar da idoneidade dos procedementos de experimentación, axustándose á memoria descritiva notificada ou aprobada.

Comisión Galega de Benestar dos Animais de Experimentación

Ademais, créase a Comisión Galega de Benestar dos Animais de Experimentación, como órgano consultivo en materia de benestar dos animais utilizados para a experimentación e outros fins científicos, adscrita á consellería competente en materia de sanidade e benestar animal. Esta comisión terá as funcións de emitir informe vinculante en relación ás solicitudes de autorización de procedementos que lle sexan remitidos á dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de sanidade e benestar animal polos comités dos centros usuarios cando pola especial natureza do procedemento o requira esta dirección xeral; emitir informe sobre a solicitude de exención da obriga de crear comités éticos de experimentación animal; asesorar aos centros usuarios para o cumprimento das técnicas que eviten procedementos repetitivos ou reiterativos e os métodos alternativos oficialmente validados e, finalmente, asesorar a consellería competente en materia de sanidade e benestar animal, en particular en relación coas solicitudes de homologación de formación do persoal dos centros e en materia de organización e homologación dos cursos de formación previstos.



Os centros de cría e subministradores deben dispor de persoal especializado para o coidado e atención aos animais. Os centros usuarios deberán dispor, ademais, de persoal experimentador, de persoal investigador e de persoal asesor en benestar e saúde animal. No decreto detállanse tamén as competencias exixidas ao persoal dos centros, así como outras disposicións relativas á organización e impartición da formación deste persoal.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA HOXE A DECLARACIÓN DO PAZO DE MEIRÁS COMO BEN DE INTERESE CULTURAL (BIC)

- ***A próxima publicación do decreto no DOG marcará a entrada en vigor da declaración***
- ***A consideración de BIC é o maior grao de protección previsto na lei, e implica a obriga de conservación do inmovible, solicitar autorización previa para calquera intervención e abrir ao público un mínimo de catro días ao mes***

O Consello da Xunta aproba hoxe o decreto polo que o Pazo de Meirás, en Sada, pasa a formar parte da listaxe de bens de interese cultural de Galicia. A súa declaración como BIC coa categoría de sitio histórico entrará en vigor a partir da publicación do decreto no DOG, e suporá outorgarlle o máximo grao de protección a este edificio do século XIX e estilo neomedieval moi ligado á figura de Emilia Pardo Bazán.

Coa aprobación do decreto polo Consello da Xunta conclúe o procedemento desenvolvido pola Consellería de Cultura e Deporte. Os trámites iniciáronse coa solicitude do Concello de Sada, que se produciu o 9 de agosto de 2007. Para chegar á declaración de BIC houbo que superar a negativa da familia Franco, propietaria do pazo, que non permitiu a entrada dos técnicos de Patrimonio para inspeccionaren o inmovible e coñeceren o seu estado. A Consellería tivo que solicitar o amparo da Xustiza, e en marzo de 2008 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia resolveu autorizar a entrada dos técnicos.

A inspección tivo lugar o 17 de abril de 2008. Unha historiadora da arte, unha arquitecta e un arqueólogo accederon ao edificio, para a continuación elaborar os informes técnicos pertinentes. Baseándose nestes informes, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural incoou o procedemento para a declaración de BIC o 1 de agosto deste ano. A partir de entón abriuse un prazo en que se presentaron 105 alegacións, que non foron estimadas. Neste tempo consultáronse tres organismos sobre a pertinencia da declaración. Tanto a Universidade de Santiago, como o Consello da Cultura Galega e a Real Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario amosáronse favorables á consideración do Pazo de Meirás como BIC.

Coa declaración de ben de interese cultural recoñécese o seu gran valor patrimonial para Galicia, ademais de fixar unha serie de requisitos para garantir a súa conservación e a súa función social. Desde a publicación no DOG do decreto o edificio deberá abrirse ao público de forma gratuíta catro días ao mes; calquera intervención nel necesitará unha autorización previa por parte de Patrimonio; e os seus propietarios terán a obriga de coidar e preservar o inmovible.

A declaración das Torres de Meirás como BIC coa categoría de sitio histórico baséase en que "destaca tanto pola súa singularidade como pola significación cultural e simbólica que adquiriu co paso do tempo. Ningún dos edificios de estilo similar iguala o de Meirás en dimensións, en contexto histórico, en coherencia conceptual e en calidade formal". Na decisión tívose en conta o seu valor histórico "motivado primeiramente como soar dun



antigo pazo, representativo da fidalguía galega, e ademais pola relación da nova construción das Torres con Emilia Pardo Bazán, personaxe relevante pola súa grande transcendencia, tanto literaria como social".

A historia das Torres

Aínda que a parte do pasado máis coñecida do Pazo de Meirás sexa aquela en que pertenceu á familia paterna de Emilia Pardo Bazán, existen documentos en que se dá conta da existencia dunha edificación pacega que foi incendiada no 1809 polos invasores franceses. Anos despois, en 1893, o avó da escritora reconstruíu o edificio que pasou a ser coñecido como "Granxa de Meirás", ao posteriormente lle engadirían dúas torres, feito que lle valeu o nome actual "Torres de Meirás".

Emilia Pardo Bazán xa gozaba de prestixio para cando remataron as obras no pazo, arredor de 1907, e pasaba alí moitos veráns, feito que levou a que o inmovible se convertese en punto de referencia tanto na súa vida como na súa obra: a súa inspiración, onde redactou parte da súa obra e onde gardaba os volumes da súa biblioteca particular. Coa morte da literata, en 1921, serán os seus herdeiros os que se fagan cargo do pazo.

Co remate da Guerra Civil, a familia Franco faise coa propiedade do inmovible, aínda que ampliada a extensión mediante a adquisición das propiedades estremeiras. Baixo a familia Franco estendeuse a denominación "Pazo de Meirás" para todo o conxunto pacego e súmanse novos elementos de valor histórico-artístico de diferentes procedencias.

Interese patrimonial

O elemento máis característico da construción son as torres que lle dan nome, ao representaren un exemplo singular a arquitectura de finais do século XIX e principios do XX. Comezaron a construírse en 1893 ao xeito de mansión señorial con certa tendencia medievalizante, en concreto, de estilo neorrománico. As torres, que se insiren nunha edificación principal de estilo señorial, son cadradas, ameadas e desiguais en altura.

Do resto do conxunto pacego cómpre salientar unha capela de estilo neorrománico e diversas construcións anexas ás cales se lle foron engadindo elementos decorativos e etnográficos: balaustradas, fontes, escalinatas, pináculos, cruceiros, hórreos, brasóns... algúns dos cales gozan da declaración xenérica de bens de interese cultural.

Pero a beleza e grandiosidade de Meirás reside tamén na vasta extensión de bosques e xardíns que rodean o pazo. Atópase nun entorno privilexiado: nun inmenso parque limitado por un muro de cachotería e moi próximo á costa, á zona das Mariñas e da ría de Sada.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN DE XESTIÓN DO LOBO DE GALICIA, QUE BUSCA HARMONIZAR A PROTECCIÓN DESTA ESPECIE COS INTERESES DE AGRICULTORES E GANDEIROS

- ***O documento recolle medidas preventivas e liñas de axudas para paliar os danos causados polo animal, así como iniciativas para poñer en valor a especie***
- ***O plan incorpora a división da comunidade en tres zonas que permitan acadar unha xestión máis axeitada, así como a conservación do lobo, segundo criterios de densidade de poboación da especie, a presenza da gandaría e os danos que sofre***
- ***Os afectados polos danos causados polo lobo contarán cun sistema eficaz de axudas e compensacións, ademais de asesoramento técnico para a aplicación de métodos de prevención de danos***
- ***O fomento da sensibilidade e concienciación social sobre o lobo tamén está presente no plan, cunha serie de medidas para a difusión da importancia ecolóxica deste animal no medio natural galego***

O Consello da Xunta aprobou o Plan de xestión do lobo de Galicia, promovido pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, que ten como finalidade garantir a viabilidade desta especie, compatibilizando o mantemento dunha poboación de lobo estable cos intereses de agricultores e gandeiros. O documento recolle medidas preventivas e liñas de axudas para paliar os danos causados polo animal, así como iniciativas para poñer en valor a especie.

Diversos estudos constataron a presenza de 60 manadas de lobos en Galicia e estimaron probable a existencia de 8 máis, o que supón que en Galicia existe unha poboación de entre 420 e 625 exemplares. O Plan de xestión do lobo de Galicia busca manter estable e continua esta poboación e desenvolver mecanismos para o seu seguimento e estudo. Dentro das medidas de control, establécense unhas directrices que indican que os controis de poboación non se realizarán, salvo casos excepcionais xustificados, durante a época de reprodución da especie, entre os meses de marzo e xullo.

Os programas de seguimento periódicos obterán información da distribución, aspectos poboacionais e, na medida do posible, taxas de natalidade e mortalidade e o tamaño de grupo. Ademais, recompilarase información sobre os hábitos alimenticios do lobo que repercutirá no establecemento de medidas para aplicar e na identificación de zonas de xestión. Tamén se estudarán os factores que afectan a conservación da especie, como a mortalidade por causas non naturais e o efecto barreira das infraestruturas.

O plan incorpora a división da comunidade en tres zonas, que se revisarán cada cinco anos, que permitan acadar unha xestión máis axeitada e a conservación do lobo, segundo os criterios de densidade de poboación da especie, a presenza da gandaría e os danos que sofre. Así, a zona 1 será prioritaria á hora de aplicar e fomentar as medidas de prevención, terá unha planificación para controlar a poboación de lobo e nela poderanse realizar controis puntuais non previstos no caso de danos recorrentes. Na zona 2, as



persoas interesadas poderán reclamar tamén que se leven a cabo controis puntuais que deberán ser debidamente autorizados, porén, na zona 3, non se poderán realizar estes controis, salvo en casos excepcionais.

Axudas e compensacións

O documento establece tamén un sistema eficaz de axudas e compensacións para os gandeiros e agricultores que minimize a conflitividade xerada polos danos causados polo lobo, ademais de asesoramento técnico para a aplicación de métodos de prevención de danos. Deste xeito, crearanse axudas destinadas a fomentar o uso de mastíns, a colocación de valados electrificados, liñas de bandeiras e o reforzamento das instalacións gandeiras, así mesmo, fomentárase a investigación de novos métodos e promoverase a posta en marcha de proxectos piloto.


Ademais, buscarase unha mellora na tramitación das axudas e no traballo de valoracións de danos das comisións provinciais, farase unha avaliación e seguimento do sistema de axudas e elaborárase anualmente un informe co balance de danos producidos, o número e tipo de reses, a distribución espacial e temporal dos danos e a contía económica.

O fomento da sensibilidade e concienciación social sobre o lobo tamén está presente no plan, cunha serie de medidas para a difusión da importancia ecolóxica deste animal no medio natural galego entre habitantes do medio rural, gandeiros, cazadores, sociedade urbana e comunidade escolar, ás que se engade a posta en valor do patrimonio cultural e etnográfico asociado ao lobo (contos, lendas...) que poden contribuír a valorar a especie e como reclamo turístico.

O Plan de xestión do lobo prevé tamén a constitución dun Foro Galego do Lobo, integrado por representantes da Administración, gandeiros, agricultores, ecoloxistas e sindicatos, que se reunirá anualmente para intercambiar experiencias e avaliar a evolución na aplicación do plan.



Representación gráfica da zonificación do Plan de xestión do lobo:





A XUNTA DESTINA MEDIO MILLÓN DE EUROS ÁS LIÑAS DE AXUDA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE PROMOCIÓN E FORMACIÓN A PROL DAS MULLERES

- ***O Consello da Xunta autorizou a convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos para o ano 2009***

O Consello da Xunta autorizou a convocatoria por parte do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller (SGI) da liña de axudas para a realización de programas de promoción e formación a prol das mulleres por parte de concellos para o ano 2009. Para este fin destinaranse un total de 500.000 euros cofinanciados en parte polo Fondo Social Europeo.

As subvencións están destinadas a apoiar programas que teñen como obxectivo a inserción laboral das mulleres impulsando a súa cualificación naquelas profesións que sexan demandadas polo mercado de traballo. Tamén se prevén programas de formación en novas tecnoloxías para mulleres, concretamente os que apostan polo desenvolvemento sustentable. Así mesmo, subvencionaranse outros proxectos formativos de carácter singular que poidan achegar un valor engadido ás accións anteriores. Dentro desta orde apoiaranse tamén aqueles programas de formación que contribúan a sacar ao mercado e aos servizos públicos os labores de coidado que realizan maioritariamente as mulleres de xeito gratuïto nos fogares.

As destinatarias das accións formativas serán as mulleres con residencia en Galicia, dándolles preferencia ás mulleres que sufran situacións de violencia de xénero ou de exclusión social, ou que teñan responsabilidades familiares non compartidas, así como as que desexen incorporarse á vida laboral despois dunha interrupción causada pola dificultade de conciliar a súa vida familiar e laboral.

Conciliación

Para facilitarlles ás alumnas a conciliación da formación e a vida familiar, ademais dos gastos imputables aos cursos, establécense coma gastos subvencionables os que deriven da prestación de servizos de gardarías, de canguros ou asistencia domiciliaria no horario lectivo, en caso de ter unha persoa dependente ao cargo. Ademais, prevense bolsas para alumnas cun mínimo do 33% de discapacidade acreditada e axudas de transporte para aquelas mulleres que residan a máis de 3 km do lugar onde se imparta o curso.

Ao abeiro desta orde, podernse financiar o 100% dos custos de accións formativas de carácter presencial que estean incluídas no directorio do Servizo Galego de Igualdade de formación socio-laboral para mulleres e as non incluídas no punto anterior pero que teñan carácter experimental ou innovador e que sexan cualificadas de especial interese. Todas as accións formativas incluírán obrigatoriamente un módulo de igualdade de oportunidades e outro de orientación e información profesional.



O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ 200.000 EUROS NA REDACCIÓN DO PROXECTO DE OBRA DUN CENTRO DE DÍA E RESIDENCIAL PARA PERSOAS MAIORES NO CONCELLO DE CERCEDA

- ***O traballo desenvolverase a través dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Cerceda***

O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Cerceda para proceder á redacción do proxecto de obra e actuacións preparatorias para a construción dun centro de día e residencial no concello coruñés de Cerceda. Para levar adiante este traballo o Goberno galego achegará 200.000 euros.

O convenio que se asinará establece as bases de colaboración entre as partes para a redacción do proxecto de obra para a construción do centro de día e residencial, así como, de ser o caso, a realización doutras actividades preparatorias do referido investimento: estudo xeotécnico ou mellora dos accesos, entre outros.

Así, a Vicepresidencia da Xunta comprométese a achegar 200.000 euros para a elaboración deste traballo, que será realizado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Este encargárase de licitar, tramitar e levar a cabo todas as contratacións necesarias para a redacción do proxecto de obra e das actividades preparatorias precisas. Pola súa banda, o Concello de Cerceda comprométese a poñer á disposición do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, libres de cargas e gravames, os terreos adecuados e suficientes para posibilitar a execución dos investimentos de capital obxecto deste convenio.

A construción deste novo equipamento de atención a persoas maiores e dependentes encádrase no *Plan do Carbón 2006-2012: novo modelo de desenvolvemento integral e sustentable das comarcas mineiras*, un plan de carácter estatal que ten como obxectivo fundamental atenuar o impacto que produce a perda de postos de traballo no sector mineiro do carbón, fomentando a creación de emprego alternativo. Nesta liña, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Consellería de Innovación e Industria, competente para a aplicación do Plan do Carbón en Galicia, asinaron o pasado mes de xuño o acordo de cooperación interadministrativa para o desenvolvemento deste proxecto no concello de Cerceda.



O GOBERNO GALEGO INVISTE 720.000 EUROS NA POSTA EN MARCHA DE DOUS EQUIPOS DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL NA CORUÑA E EN VIGO

- ***A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os gobernos municipais de ambas cidades colaborarán así na execución do II Plan Galego de Inclusión Social***

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dos convenios de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os concellos da Coruña e de Vigo para a contratación e a posta en funcionamento dos equipos de inclusión sociolaboral, dentro da execución do II Plan Galego de Inclusión Social. O departamento autonómico investirá un total de 720.000 euros nestas dúas actuacións -360.000 euros en cada un dos casos-.

Os convenios que o Goberno galego vai asinar cos municipios da Coruña e de Vigo regularán a colaboración entre as administracións para a contratación e a posta en funcionamento dun equipo de inclusión sociolaboral en cada un dos concellos para persoas e colectivos en situación ou en risco de inclusión social, residentes nos termos municipais da Coruña e de Vigo. Os novos equipos que se porán en marcha teñen por finalidade a promoción da inserción social e laboral dos colectivos en situación de grave risco de exclusión social, mediante o desenvolvemento de itinerarios individualizados e integrais de inserción, desde unha perspectiva ligada ás potencialidades do territorio e ao seu tecido social e produtivo.

Os itinerarios individualizados de inserción sociolaboral serán deseñados e programados polos propios equipos coa participación activa das persoas destinatarias, adecuándose ás súas características persoais, sociais e profesionais. En todo caso, eses itinerarios sempre se establecerán para actuar sobre todas as carencias das persoas beneficiarias, incluíndo un conxunto de servizos, prestacións e accións de orientación, formación e emprego, así como actividades de desenvolvemento persoal e de adquisición de habilidades sociais cando as circunstancias o requiran.

II Plan inclusión

Os novos equipos de inclusión que comezarán a traballar nos concellos de Vigo e da Coruña farano no marco do II Plan Galego de Inclusión Social, deseñado pola Vicepresidencia da Xunta desde unha formulación estratéxica, centrada en dar respostas globais e integradas, que respondan ás necesidades dos grupos e das persoas con maiores desvantaxes sociais, potenciando ao máximo a coordinación e a proximidade territorial. Un dos obxectivos estratéxicos do plan é aumentar a participación no mercado de traballo daqueles colectivos máis desfavorecidos, mediante políticas activas e personalizadas centradas en acadar a súa inserción sociolaboral. Na consecución destes obxectivos, considérase crucial a colaboración dos concellos, posto que dispoñen de competencias no ámbito dos servizos sociais e constitúen a Administración máis próxima aos cidadáns.



A XUNTA DESTINA UN MILLÓN DE EUROS PARA CREAR UN GRAN COMPLEXO PARA ACTIVIDADES MUSICAIS EN VIGO

- ***A instalación, que se situará no Parque Tecnolóxico de Vigo, en Valadares, disporá dun local de ensaio con sete salas e un estudio de gravación***

O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Vigo para levar a cabo a primeira fase das obras de construción dunha instalación para actividades musicais, que incluírá un local de ensaio con sete salas e un estudio de gravación. No orzamento, que ascenderá a un millón de euros, tamén se inclúe a primeira fase do equipamento desta nova instalación, con mobiliario e material de imaxe e son.

Segundo se establece no convenio que se asinará, a gran instalación será destinada a actividades musicais e estará situada nunha parcela de titularidade municipal situada no Parque Tecnolóxico de Vigo, na parroquia de Valadares. O custo global deste proxecto ascende a preto de 1,4 millóns de euros, dos cales o departamento autonómico achegará un millón de euros.

A comezos de 2009 comezarán as obras de construción deste importante complexo centrado na creatividade musical, que cos seus 7 locais de ensaio e coa sala de gravación se converterá nun referente dentro do proxecto de locais de ensaio impulsado pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

A construción do edificio, de 965 metros cadrados, aproveitará o desnivel da parcela, de xeito que terá dúas alturas. No primeiro andar estará situada a recepción e a sala de usos múltiples, que contará con 120 metros cadrados. No baixo estarán os sete locais de ensaio e o estudio de gravación, de 30 metros cadrados. Cinco dos locais de ensaio terán unha superficie de entre 17 e 25 metros cadrados, mentres que outra será de aproximadamente 50 metros cadrados e a outra terá 100 metros cadrados. As previsións son que o complexo estea finalizado en 2010, ano en que entraría en funcionamento.

Rede galega de locais de ensaio

O financiamento deste novo equipamento no Concello de Vigo enmárcase no programa emprendido pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade da Vicepresidencia da Xunta para crear en Galicia unha rede galega de locais de ensaio dirixido aos grupos musicais e solistas do país. Esta iniciativa ten un dobre obxectivo: deseñar recursos, programas e equipamentos atractivos ás demandas da xuventude galega e traballar a *canteira* dos creadores emerxentes.

Con esta actuación, a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade e o Concello de Vigo pretenden ofrecer espazos e canles para a expresión musical dos mozos e mozas viguesas. Na actualidade, máis de 200 grupos musicais da cidade olívica estaban rexistrados en lista de espera por un local para ensaiar.



A XUNTA COLABORARÁ COA *FUNDACIÓN MENIÑOS* NA EXECUCIÓN EN 2009 DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN FAMILIAR

- ***O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio entre as dúas entidades, ao cal o departamento autonómico achega máis de 262.000 euros***

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e *Meniños, Fundación para a Infancia* para desenvolver conxuntamente o programa de integración familiar nas catro provincias galegas durante o vindeiro ano. A Vicepresidencia da Xunta achegará máis de 262.000 euros para o desenvolvemento desta iniciativa. Trátase dun programa mediante o que se leva a cabo unha intervención integral e multidisciplinar coas familias e cos menores acollidos en centros ou en situación de risco. O departamento autonómico achega 262.321 euros –dos que 72.321 corresponden á achega efectuada polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais– para este programa, mentres que a *Fundación Meniños* achega 169.940 euros.

O convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre o Goberno galego e *Meniños* para a execución do programa de integración familiar nas catro provincias de Galicia, traballando de xeito integral tanto coas familias coma cos nenos e nenas participantes no programa. A finalidade é corrixir os déficits existentes nesas familias, de maneira que se garanta o desenvolvemento integral dos menores e a cobertura das súas necesidades básicas por parte dos pais.

Traballarase, dunha banda, na reunificación familiar con aquelas familias que teñan menores en centros de acollida. O obxectivo será neste caso mellorar a situación sociofamiliar dos menores atendidos, intervindo directamente nos seus núcleos familiares de referencia para favorecer así un eficaz desinternamento. Por outra banda, o programa ten como obxectivo a preservación familiar con aquelas familias que teñan menores en situación de risco. Preténdense nestes casos potenciar os recursos desas familias para evitar a separación do menor do seu contorno familiar. E por último, contribúese -a nivel teórico- a un coñecemento máis preciso das situacións sociofamiliares dos menores acollidos en centros e das estratexias preventivas máis axeitadas para cada caso.

Así, o programa que se desenvolva deberá ter tamén un carácter experimental e de investigación, para acadar así un coñecemento máis profundo das situacións familiares no país. Ademais, durante o tempo de vixencia deste convenio de colaboración consolidarase unha liña de estudos e investigación mediante a incorporación de diversas estratexias como a innovación dos procedementos de actuación, a introdución plena das tecnoloxías da información e da comunicación en materia de intervención familiar; e a elaboración de procedementos de calidade na área de intervención familiar mediante a creación de instrumentos de rexistro da información uniformes e eficaces.



A XUNTA ACHEGARÁ 30.000 EUROS PARA UN CURSO DE POSGRAO DE ENFERMARÍA SOBRE COIDADOS SANITARIOS ESPECIALIZADOS A PERSOAS DEPENDENTES

O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio de cooperación entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Universidade de Santiago de Compostela para a posta en marcha do novo programa oficial de posgrao de enfermaría sobre *atención sanitaria. Xestión e coidados*, que se centrará na atención e coidados especializados a persoas dependentes. A Vicepresidencia da Xunta destinará para esta acción formativa, que se desenvolve deste setembro de 2008 ata agosto de 2009, un total de 30.000 euros.

Este novo programa de posgrao encádrase na necesidade xeral que ten a sociedade galega de artellar instrumentos de atención á poboación que demanda cada vez máis coidados especializados. Trátase de ofertar atencións ás situacións que se producen en diversos eidos da actividade humana e nas diferentes etapas do ciclo vital, con especial fincapé naquelas situacións con maior repercusión sociosanitaria, pola súa demanda de coidados ou gravidade, e que ten unha importante incidencia entre as persoas maiores e entre os dependentes. Neste senso, a nova oferta formativa que se artellará coa Universidade de Santiago de Compostela dá resposta ás demandas presentadas na Lei de dependencia, que recolle a necesidade de contar con atención especializada e con profesionais especializados na atención ás persoas dependentes.



O GOBERNO GALEGO INVISTE PRETO DE 10,2 MILLÓNS DE EUROS PARA O MANTEMENTO DE CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- ***O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura de 25 convenios entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e diferentes entidades***

O Consello da Xunta autorizou a sinatura de 25 convenios de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e diferentes entidades galegas mediante os cales se investirán case 10,2 millóns de euros no mantemento dos centros de atención a persoas con discapacidade intelectual nos catro primeiros meses de 2009.

A Coruña

Na provincia da Coruña, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar asinará un convenio de colaboración coa entidade *Hermanas Hospitalarias do Sagrado Corazón* para contribuír ao mantemento dos seus centros ocupacional, residencial ocupacional e residencial asistencial. O departamento autonómico financiará deste xeito con 541.060 euros o desenvolvemento e mantemento do programa de atención ás persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias que leva a cabo dita entidade.

Subscribirase tamén un convenio de colaboración coa *Asociación Comarcal de Pais de Diminuídos Psíquicos de Bergantiños (Aspaber)* para o mantemento dos seus centros ocupacional, residencial ocupacional, centro de día e residencial asistencial, por importe de 243.668 euros. A *Asociación de Pais de Persoas con Parálise Cerebral (Aspace)* é outra das entidades coa que se contribuirá para o mantemento dos seus programas de atención a persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias nos seus centros residencial asistencial e centro de día. A Vicepresidencia vai aportar 306.720 euros para este convenio.

A colaboración abrangue tamén a *Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista da provincia da Coruña (Aspanaes)* para contribuír ao mantemento dos seus centros residencial asistencial e centro de día. O importe total deste proxecto é de 390.196 euros. Vicepresidencia colaborará tamén coa *Asociación de Pais de Nenos Diminuídos Psíquicos da Comarca do Xallas-Cee (Aspadex)* para o mantemento do centro ocupacional, do centro de día e da vivenda comunitaria, cun investimento de 184.744 euros.

A *Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual (Aspas)* recibirá 431.604 euros, tal e como autorizou hoxe o Goberno galego, para o mantemento do centro ocupacional, do centro residencial ocupacional, do centro de día e do centro residencial asistencial; igual ca a *Asociación pro Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia (Aspronaga)*, que vai obter un total de 778.536 euros para o mantemento dos seus centros ocupacional, residencial ocupacional, vivenda comunitaria e residencial



asistencial; mentres que a entidade *Nuestra Señora de Chamorro* disporá doutros 276.516 euros para o desenvolvemento dos programas no seu centro ocupacional e centro de día. Outra das entidades beneficiadas pola iniciativa da Vicepresidencia da Xunta será a *Fundación Adultos Discapacitados da Coruña (Fundación Adcor)*, que recibirá 179.628 euros para o mantemento do centro de día e o centro ocupacional.

Lugo

Na provincia de Lugo, mediante os acordos autorizados tamén esta mañá, a Vicepresidencia financiará con 345.768 euros o desenvolvemento e mantemento do programa de atención a persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias da *Asociación de Pais e Titores de Persoas con Discapacidade (Aspnais)*. A atención prestarase nos centros desta entidade: centro residencial ocupacional, centro ocupacional, centro residencial asistencial e centro de día.

O departamento autonómico financiará así mesmo o desenvolvemento e o mantemento dos programas levados a cabo pola *Asociación Comarcal para a Protección das Persoas con Discapacidade (Prodeme)* nos seus centros residencial ocupacional, centro ocupacional e vivenda rural. Tras o convenio de colaboración que se vai asinar, a Vicepresidencia achegará 315.976 euros para financiar estas iniciativas. Asinaranse tamén dous convenios de colaboración coa *Comunidade das Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl* para contribuír ao mantemento do seu centro residencial asistencial, por importe de 299.936 euros, e para o centro asistencial San Pablo e San Lázaro, cun importe de 251.900 euros.

A Cruz Vermella é outra das entidades coa que se cooperará para o mantemento dos seus programas de atención a persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias nos seus centros residencial asistencial e centro de día. O departamento autonómico vai achegar 209.812 euros para o convenio que asinará con esta entidade, tras a autorización do Consello da Xunta.

Ourense

En Ourense, a Vicepresidencia da Xunta asinará un convenio de colaboración coa *Asociación de Pais a favor das Persoas con Atraso Mental de Ourense (Aspanas)*, para contribuír ao mantemento dos seus centros ocupacional residencial, ocupacional e centro de día. O departamento financiará deste xeito con 378.092 euros o desenvolvemento e mantemento do programa de atención ás persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias que leva a cabo dita entidade.

Pontevedra

En Pontevedra, a Vicepresidencia asinará convenios coa *Asociación de Pais de Minusválidos de Pontevedra (Apamp)* para contribuír ao mantemento do centro ocupacional e do centro de día con 159.800 euros; e coa *Asociación a favor das Persoas con Discapacidade Intelectual da provincia de Pontevedra (Aspanaex)*, para o mantemento do seu centro ocupacional e do centro de día, cun investimento de 173.532 euros.



Asinarase un convenio tamén coa Asociación para a *Formación e Promoción de Persoas con Discapacidade* (Juan XXIII-Pontevedra), que recibirá 218.164 euros para contribuír ao funcionamento dos centros ocupacional, centro de día e vivenda comunitaria. A Vicepresidencia subscribirá, así mesmo, un convenio de colaboración coa *Fundación Menela* para o mantemento dos centros residencial asistencial e centro de día, cun orzamento de 289.432 euros.

A *Asociación San Xerome Emiliani* disporá tamén de 176.752 euros para o mantemento do centro ocupacional, do centro de día e da atención temperá. Coa *Orden Hospitalaria de San Juan de Dios (San Rafael)* o departamento autonómico asinará un convenio para o mantemento dos centros ocupacional e residencial ocupacional, cun importe de 526.256 euros.

A entidade *Esclavas de la Virgen Dolorosa - Mos* disporá de 255.652 euros para o mantemento do centro residencial ocupacional Santa María da Esperanza e a entidade *Esclavas de la Virgen Dolorosa - Crecente* percibirá 891.072 euros para contribuír ao mantemento (neste caso durante todo o 2009) do centro residencial asistencial Nosa Señora de Fátima e Cristo Rey. Autorizouse ademais outro convenio a asinar coa *Asociación Galega San Francisco (Agasfra)* para garantir o funcionamento durante a totalidade do 2009 dos centros residencial ocupacional, residencial asistencial de maiores e residencial asistencial de menores, para a cal recibirá 2.115.900 euros. Finalmente, o departamento autonómico achegará 240.360 euros á entidade *O Pelouro* para contribuír ao mantemento do centro singular experimental de innovación psicopedagóxica e integración.

Actuacións e obxectivos

Mediante estes programas de atención ás persoas con discapacidade intelectual, as diferentes entidades desenvolverán as seguintes actuacións nos centros que xestionan: prestación dunha atención integral e personalizada a todos os usuarios; desenvolvemento óptimo das súas capacidades procurando os máis altos niveis de autonomía persoal; busca do equilibrio emocional e afectivo; realización da habilitación persoal e social; prestación da asistencia e coidados precisos a cada usuario; procura de contornos axeitados para os usuarios; e por último, prestación da información e orientación necesarios aos usuarios e ás súas familias.

Estas entidades teñen como obxectivos a defensa da dignidade e dos dereitos das persoas con discapacidade intelectual, a promoción da integración social e da normalización destas persoas e o fomento de actitudes sociais positivas de cara ás persoas que sofren este tipo de discapacidade.



A XUNTA DE GALICIA APROBA O CONVENIO QUE MATERIALIZA O PROXECTO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO *CIDADE DO MAR* NOS TERREOS DA ETEA EN VIGO

- ***O Goberno galego, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o Concello de Vigo asinarán un convenio que impulsará o papel de Galicia como referente internacional en investigación mariña***
- ***A Cidade do Mar acollerá o Centro de Investigacións Mariñas do Atlántico como unidade de investigación de excelencia, que integrará as capacidades científicas máis competitivas existentes en Galicia***
- ***O proxecto inclúe a Unidade de Tecnoloxía Oceanográfica, encargada de proporcionar o soporte loxístico e tecnolóxico á flota oceanográfica conformándose como a base portuaria para o Atlántico Norte dos buques españois de investigación mariña que albergará o porto de Vigo***
- ***O proxecto Cidade do Mar suporá un investimento duns 100 millóns de euros e contará con máis de 400 investigadores, que desenvolverán a súa actividade nos centros que integran este ambicioso proxecto científico***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o Concello de Vigo que permitirá materializar o proxecto científico tecnolóxico *Cidade do Mar* nos terreos da antiga Escola de Transmisións e Electrónica da Armada (ETEA) en Vigo. O proxecto *Cidade do Mar* suporá un investimento duns 100 millóns de euros e contará con máis de 400 investigadores, que desenvolverán a súa actividade nos centros que integran este ambicioso proxecto científico.

O proxecto *Cidade do Mar*, promovido pola Xunta de Galicia en colaboración co Ministerio de Ciencia e Innovación, baséase no desenvolvemento dun campus científico-tecnolóxico dedicado á investigación, ao desenvolvemento tecnolóxico e á innovación no ámbito mariño que impulsará o papel de Galicia como referente internacional en investigación neste campo. Co convenio aprobado hoxe a Xunta de Galicia accede á dispoñibilidade dos terreos e edificacións necesarios para a implantación deste proxecto, que na actualidade son propiedade do Consorcio da Zona Franca de Vigo.

O convenio ten como antecedente o protocolo de intencións para impulsar o proxecto *Cidade do Mar* no complexo da ETEA, suscrito entre a Xunta e o Consorcio da Zona Franca de Vigo. Este protocolo prevía o establecemento inicial dun espazo dotacional científico-tecnolóxico, coa superficie idónea para albergar as edificacións, infraestruturas e instalacións do campus; así como a recuperación das instalacións portuarias para uso como base naval da flota oceanográfica española, compatible coa súa aplicación a outros usos de interese social ou deportivo. Ademais, contemplaba o desenvolvemento de espazos para usos dotacionais terciarios e deportivos, orientados ao desenvolvemento de actividades de ocio e deportivas relacionadas co mar que viabilizasen a sostibilidade e desenvolvemento social e económico da zona, e a conformación dunha contorna urbana que permitise o uso público do conxunto da ETEA, da mariña e da zona de praia.



O Consello da Xunta, en outubro de 2007, acordou encargar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a formulación dun Plan Sectorial de Ordenación Territorial que regulase a implantación do complexo dotacional do Campus científico-tecnolóxico *Cidade do Mar* previsto en tal protocolo

De acordo coas previsións deste plan, actualmente en fase de aprobación, o convenio asinado establece unha zonificación de usos para o complexo da ETEA, asignando a posta a disposición da Xunta de Galicia dunha superficie total de 63.730 metros cadrados xunto coas edificacións e instalacións nelas existentes. Esta superficie comprende unha área de 41.464 metros cadrados adicada a usos Científico-Tecnolóxicos, complementada ademais cunha área de 14.684 metros cadrados previstos como área de reserva para usos científico-tecnolóxicos, usos terciarios ou dotacionais complementarios, e outros 7.582 metros cadrados destinados a usos terciarios vinculados a actividades de ocio e náutico-deportivas.

Pola súa banda, e co obxectivo de garantir a dispoñibilidade pública do complexo *Cidade do Mar* a desenvolver na ETEA, o convenio habilita ao Concello de Vigo para acceder a 31.291 metros cadrados destinados a equipamento deportivo, reserva de estacionamento e parque urbano, así como ao conxunto de viais e espazos libres, que ocupan unha superficie total de 20.029 metros cadrados máis.

En virtude do convenio, a Xunta de Galicia accederá á titularidade dos terreos referidos aboando ao Consorcio da Zona Franca unha compensación por dita transmisión de 18,5 millóns de euros. Esta cantidade será achegada polas Consellerías de Educación e Ordenación Universitaria e de Pesca e Asuntos Marítimos.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, en compensación polos terreos que lle corresponden, garantizará mediante a xestión urbanística do PXOM a achega para a adquisición do Sistema Xeral Dotacional da ETEA dun importe de 11.500.000 euros. En concreto, de acordo co convenio, o Concello achegará esta compensación procedente das cargas asociadas ao desenvolvemento urbanístico previsto no ámbito de Guixar, no barrio de Teis.

Marco idóneo para a Cidade do Mar

O Consorcio da Zona Franca de Vigo é propietario, desde xaneiro do 2004, do predio onde se atopaban as antigas edificacións e instalacións da Escola de Transmisións e Electrónica da Armada (ETEA), que conta cunha superficie total de 115.050 metros cadrados. As características do predio, as súas dimensións, a súa localización á beira do mar, e a súa dispoñibilidade de espazos portuarios conforman un marco idóneo no que integrar o proxecto Cidade do Mar.

A Xunta de Galicia e o Ministerio de Educación e Ciencia (agora Ciencia e Innovación), xa teñen comprometido dúas importantes actuacións, que conformarán as grandes infraestruturas e recursos científico-tecnolóxicos que constitúen o eixo para materializar



este ambicioso proxecto. Así, en 2006 asinouse o protocolo para o desenvolvemento do Centro de Investigacións Mariñas do Atlántico (CAIM), como unidade de investigación de excelencia que, cunha perspectiva interdisciplinar, integrará as capacidades científicas máis competitivas existentes en Galicia. Ademais, no mesmo ano aprobouse a creación e dotación da Unidade de Tecnoloxía Oceanográfica (UTO) no marco do Mapa Español de Instalacións Científicas e Técnicas Singulares. Esta grande infraestrutura constituirase como unidade técnica que proporcionará o soporte loxístico e tecnolóxico á flota oceanográfica, conformándose como a base portuaria para o Atlántico Norte dos buques españois de investigación mariña que albergará o porto de Vigo na *Cidade do Mar*.

Estas dúas infraestruturas, asociadas ás unidades técnicas que promoverá a Consellería de Pesca e a outras instalacións complementarias, farán visible internacionalmente a potencialidade e competencia da investigación mariña de Galicia e do Estado español.

A *Cidade do Mar* é un proxecto que situará a Galicia como punto de referencia, potenciando un marco de competencia internacional na investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación no ámbito mariño; e que ademais suporá a recuperación pública de espazos, infraestruturas e servizos para desfrute dos cidadáns, xerando un contorno urbano que proxecte social, económica e culturalmente o valor do mar como ecosistema e recurso socioeconómico estratéxico de Galicia



O GOBERNO AUTONÓMICO DESTINARÁ MÁIS DE 1,9 MILLÓNS DE EUROS EN 2009 AO CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA

- ***Forman parte do consorcio as consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, Innovación e Industria, Cultura e Deporte, a Secretaría Xeral de Comunicación, o CESGA e as universidades galegas***
- ***Fomenta a cooperación interbibliotecaria e a produción científica ao permitir o acceso a través da rede a un alto número de recursos electrónicos***

O Goberno galego investirá en 2009 máis de 1,9 millóns de euros no Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (BUGalicia). Así se indica na addenda cuxa sinatura autorizou hoxe o Consello da Xunta na cal se establece a achega a este consorcio dos seus membros: as consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, de Innovación e Industria e de Cultura e Deporte, a Secretaría Xeral de Comunicación, o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e as tres universidades galegas.

O convenio para a formación de BUGalicia asinouse por primeira vez en 2001 e foi renovado en 2006. A nova addenda fixa o incremento do investimento a facer no ano 2009 e nela acórdanse os novos orzamentos e a participación de cada un dos asinantes. O gasto total para o próximo ano é de 2.266.409 euros. Aos 1.300.000 euros que Innovación e Industria achega a través da Dirección Xeral de I+D+i, hai que sumar os 595.550 euros correspondentes á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, os 60.000 euros da Consellería de Cultura e Deporte e aos 103.619 euros que achegará cada unha das tres universidades galegas.

O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia ten como obxectivo fundamental o apoio continuo aos servizos bibliotecarios das tres universidades galegas a través da cooperación interbibliotecaria. O seu propósito é favorecer a produción científica que se está a desenvolver en Galicia, poñendo á disposición dos estudantes e dos investigadores unha útil ferramenta tecnolóxica: o acceso a través da rede a un alto número de recursos electrónicos de información científica.



A XUNTA CONVOCA UNHA NOVA LIÑA DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES FORMATIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN QUE LEVEN A CABO AS ORGANIZACIÓNS NON GOBERNAMENTAIS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO (ONGD)

- ***A Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, publicará proximamente no Diario Oficial de Galicia unha resolución coas bases reguladoras desta concesión de subvencións***
- ***O Goberno galego pretende, un ano máis, impulsar e promover a participación social e cidadá nas accións de cooperación ao desenvolvemento, así como fomentar a educación para o desenvolvemento e a sensibilización da sociedade galega nas realidades dos pobos máis desfavorecidos***

O Goberno galego autorizou, na súa reunión deste martes, a sinatura dun acordo polo que se aproba unha liña de subvencións destinada a financiar actividades formativas e de sensibilización que desenvolvan as ONGD, co fin de impulsar e promover a participación social e cidadá nas accións de cooperación ao desenvolvemento. A convocatoria ten como finalidade, ademais, a consolidación e o fortalecemento das ONGD que operan na comunidade autónoma.

O Diario Oficial de Galicia publicará proximamente unha resolución coas bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva. Esta nova convocatoria lévase a cabo no marco do I Plan director de cooperación galega 2006-2009, aprobado polo Parlamento de Galicia en abril de 2006. O Plan establece como un dos obxectivos estratéxicos da cooperación galega a realización dunha política activa e integral de fomento do coñecemento das desigualdades no mundo e de sensibilización da poboación galega ao respecto.

Pola súa banda, entre os axentes de cooperación recoñecidos pola lei gozan de especial relevancia as organizacións non gobernamentais que se constitúen como interlocutores permanentes da Xunta de Galicia no ámbito da cooperación ao desenvolvemento.

Deste xeito, procede un ano máis establecer as bases que regulen o réxime de concesión de subvencións con cargo aos orzamentos xerais da comunidade autónoma para actividades formativas e de sensibilización que desenvolvan as organizacións non gobernamentais de cooperación para o desenvolvemento e outros axentes de cooperación cos que se presenten consorciadas. As bases reguladoras desta convocatoria garantirán os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.



Requisitos que deben reunir as entidades beneficiarias

Entre os requisitos que deben reunir as entidades solicitantes figuran estar inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento; ter domicilio social en Galicia ou contar cunha delegación permanente na comunidade autónoma; ter xustificado, se é o caso, as axudas recibidas con cargo a convocatorias anteriores por parte da Xunta de Galicia; non estar inhabilitadas administrativa ou xudicialmente para obter axudas; e estar ao día das súas obrigas tributarias, sociais e fiscais e non posuír ningún procedemento de reintegro ou sanción por parte da Xunta de Galicia.

Tanto na solicitude como na resolución de concesión deberán facerse constar os compromisos de execución asumidos por cada entidade membro da agrupación, así como o importe da subvención para executar por cada unha delas.



A XUNTA COLABORARÁ COS SINDICATOS CC.OO. CIG E UGT PARA INFORMAR, ORIENTAR E ASESORAR A EMIGRANTES RETORNADOS E INMIGRANTES

- **Mediante a sinatura de convenios de colaboración con cada un destes sindicatos a Secretaría de Emigración procura a integración social destes colectivos**
- **Para a realización das actividades descritas nos convenios, a Secretaría Xeral de Emigración achegará a cantidade de 27.300 euros a cada unha das organizacións sindicais**

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe os convenios de colaboración asinados pola Secretaría xeral de Emigración cos sindicatos CC.OO. CIG e UGT a través dos cales se desenvolverá un programa de información, orientación e asesoramento xurídico e sociolaboral para emigrantes retornados e inmigrantes, coa finalidade de facilitar a integración social destes colectivos.

A Secretaría Xeral de Emigración achegará unha cantidade de 27.300 € a cada un destes sindicatos que manterán unha unidade de información, orientación e asesoramento xurídico e sociolaboral para emigrantes retornados e inmigrantes con oficinas nas catro provincias galegas e que terán os seguintes obxectivos:

- Informar a estes colectivos sobre a súa situación xurídica e trámites administrativos a realizar dada a súa condición de emigrante retornado ou inmigrante.
- Asesorar e facilitar a tramitación de permisos de residencia, traballo, visados, adquisición de nacionalidade, agrupamento familiar, homologación de títulos académicos e todo tipo de trámites administrativos que estes colectivos precisen, así como sobre as posibles prestacións sociais, educativas ou sanitarias ás que tivesen dereito.
- Asesoramento e información de cursos de formación e oportunidades de emprego de cara á inserción no mercado laboral.
- Asesoramento sindical e de relacións e riscos laborais.
- Asesoramento para o autoemprego, tanto respecto aos trámites administrativos como das axudas e subvencións existentes.

Para o seu funcionamento cada unha destas unidades de información contará cos servizos dun técnico experto en dereito administrativo e estranxeiría.



O GOBERNO GALEGO DESTINA PRETO DE 8 MILLÓNS DE EUROS ÁS AXUDAS DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL DIRIXIDAS AO PERSOAL DA XUNTA

- ***Incrementábase en 744.000 euros a cantidade do pasado ano***
- ***Trátase de achegas en concepto de xubilación, atención a discapacitados, por ter fillos menores, para os estudos dos fillos e do traballador, adquisición de vivenda e gastos sanitarios***

O Consello da Xunta aprobou hoxe os criterios de repartición do Fondo de Acción Social da Xunta de Galicia do ano 2008. Este conta cun importe de 7.976.855 euros, o que supón un incremento de 744.644 euros con respecto a 2007.

Estas achegas van destinadas ao persoal en activo ao servizo da Administración da Xunta de Galicia e que sexan funcionarios de carreira, persoal interino, contratado administrativo e persoal laboral incorporados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2009.

Este fondo ten por obxecto a concesión de axudas por xubilación, atención a discapacitados, fillos menores, estudos de fillos, estudos do traballador, adquisición de vivenda, maiores a cargo e gastos sanitarios.

O Fondo de Acción Social repartirase da seguinte maneira:

- Xubilación: 700.000 euros (8,78%)
- Discapacitados: 1.500.000 euros (18,80%)
- Fillos menores: 1.510.000 euros (18,93%)
- Estudos dos fillos: 2.300.000 euros (28,83%)
- Estudos do traballador: 200.000 euros (2,51%)
- Adquisición de vivenda: 966.855 euros (12,12%)
- Maiores a cargo: 350.000 euros (4,39%)
- Gastos sanitarios: 450.000 euros (5,64%)

A contía de axuda por xubilación fíxase en 3.500 euros e a de atención a discapacitados oscila entre os 1.300 euros e os 2.800 segundo a renda familiar e o grao de minusvalidez da persoa dependente. As achegas por fillos menores varían entre os 150 e os 400 euros e as referentes a estudos dos fillos entre os 70 e os 300 euros. Para os traballadores que estuden hai achegas de entre 200 e 700 euros e para a adquisición de vivenda ofrécense contías desde os 1.532 e ata os 2.500 euros.

A axuda por ter maiores a cargo vai desde os 200 ata os 800 euros e a de gastos sanitarios pode acadar os 105 euros. Neste último caso poden obterse achegas económicas por tratamentos e próteses bucodentais ou audiovisuais do traballador ou para a adquisición de produtos específicos para a alimentación de enfermos celíacos e trastornos similares de intolerancia a alimentos de carácter xenérico que sexan padecidas polo traballador, polo seu cónxuxe ou parella de feito ou polos seus fillos.



Persoal excluído

Este acordo non se lle aplica ao persoal de entes autónomos con orzamentos e estatutos propios como é o caso das universidades, da TVG, do IGAPE, do Consello de Contas, CIXTEC etc. Tampouco terá dereito a estas axudas o persoal que non estea organicamente integrado na Xunta de Galicia e que, polo tanto, non ocupe un posto incluído na relación de postos de traballo.

Tamén queda excluído o persoal funcionario da Administración de xustiza, o persoal estatutario do Sergas e o que proceda dos centros sanitarios Hospital Médico Cirúrxico Provincial de Santiago de Compostela, Sanatorio Psiquiátrico de Conxo, Hospital Provincial Santa María Nai de Ourense, Hospital Municipal Nicolás Peña de Vigo, Hospital Xeral Provincial de Pontevedra, Hospital Psiquiátrico Provincial O Rebullón de Pontevedra e Hospital Militar da Coruña.



A XUNTA ACHEGARÁ 245.000 EUROS PARA O ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA DE XESTOSA-O ÉZARO, EN DUMBRÍA

- ***O Consello aprobou a subscrición dun convenio de colaboración entre o Concello de Dumbría e a Consellería de Presidencia***
- ***Mellorarase así a principal vía de tránsito que enlaza as parroquias de Buxantes, Dumbría e O Ézaro***

O Consello da Xunta autorizou a subscrición dun convenio de colaboración entre o Concello de Dumbría e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para o acondicionamento da estrada de Xestosa-O Ézaro. Con este obxectivo, o Executivo autonómico achegará un total de 245.000 euros.

A importancia desta actuación vén determinada pola necesidade de mellorar a comunicación da principal vía de tránsito que enlaza tres das parroquias do Concello (Buxantes, Dumbría e O Ézaro). Esta estrada é a arteria que comunica os núcleos de poboación das citadas parroquias e o lugar do Ézaro como saída marítima do concello de Dumbría.

Xustifícase así o interese xeral e público da mellora da comunicación entre os núcleos de poboación da zona leste do concello de Dumbría, xa que conseguirá a vertebración das tres parroquias que tradicionalmente, e por razóns orográficas, estaban peor comunicadas entre si.

Coa intervención na estrada Xestosa-O Ézaro vaise lograr a cohesión e a interrelación dos lugares polos que esta transcorre, o que mellorará o nivel de vida dos habitantes das tres parroquias máis habitadas de Dumbría.

Segundo o texto do acordo, o Concello deberá financiar as actuacións obxecto deste na contía que supere a achega da Xunta de Galicia; destinar os fondos percibidos á devandita intervención; realizar o proceso de contratación conforme coas prescricións contidas na lexislación sobre contratación administrativa das entidades locais; consentir a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda e dar publicidade adecuada do carácter público do financiamento da actuación.

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio constituirase unha comisión mixta con representantes das dúas partes que terá entre as súas funcións a interpretación do texto, a proposta –de ser o caso- de addendas e a coordinación de funcións de ambas as administracións.



A XUNTA ACHEGARÁ 572.000 EUROS AOS CONCELLOS PARA SUBVENCIONAR OS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DOS XULGADOS DE PAZ

- ***O Consello aprobou fixar os módulos para a distribución destas axudas en función da poboación***

A Xunta de Galicia achegará un total de 572.307,71 euros aos concellos para subvencionar os gastos de funcionamento dos xulgados de paz. Así o aprobou esta mañá o Consello, que acordou fixar os módulos para a distribución do crédito que figura nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2008.

Neste sentido, as axudas aos municipios para sufragar estes gastos modularanse en función da poboación da seguinte maneira:

Habitantes	Contía anual
De 0 a 499	444,46€
De 500 a 999	819,00€
De 1.000 a 2.999	1.545,00€
De 3.000 a 4.999	2.221,00€
De 5.000 a 6.999	2.748,00€
De 7.000 a 10.999	3.182,00€
De 11.000 a 16.000	3.179,08€
De máis de 16.000	4.215,67€

A cantidade destinada para o funcionamento dos xulgados de paz foi aumentada nun 19,05% do orzamento orixinal para establecer unhas contías por tramo máis acordes cos gastos reais destes xulgados e cunha distribución económica por concello na liña das subvencións aos xulgados de paz xestionada no eido do Ministerio de Xustiza.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA OPERACIÓNS DE AVAIS A EMPRESAS DOS SECTORES DE AUTOMOCIÓN, TÉXTIL E AGROALIMENTARIO POR IMPORTE DE 24 MILLÓNS DE EUROS

- ***O Igape concederá avais para operacións de financiamento de circulante e refinanciamento de pasivos***
- ***As axudas enmárcanse na estratexia desenvolvida pola Xunta para facilitar financiamento ás empresas galegas co obxectivo de manter a actividade económica e o emprego***

O Consello da Xunta aprobou operacións de apoio a empresas por importe de 24 millóns de euros que irán destinados a firmas dos sectores de automoción, o téxtil, e o sector agroalimentario. Entre as empresas figuran *Copo*, *Viza* e *MGI Coutier*, no sector da automoción; e *Lanera* e *Montoto* no téxtil, que se beneficiarán xunto co resto de compañías dos avais autorizados hoxe e que formalizará o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape). Trátase na súa meirande parte de operacións de financiamento de circulante e refinanciamento de pasivos que se enmarcan na estratexia desenvolvida polo organismo dependente da Consellería de Economía e Facenda para facilitar que ningún proxecto viable quede sen financiamento. O obxectivo final desta estratexia é o mantemento do tecido produtivo, da actividade e do emprego.

No ámbito do sector da automoción apróbanse avais por 22 millóns de euros para as compañías *Viza*, *MGI Coutier* e *Copo*, que desenvolven a súa actividade como fabricantes de compoñentes e provedores de *PSA Peugeot Citroen* e outros construtores de automóviles. No sector téxtil aprobáronse dúas operacións por importe de 6 millóns de euros para as empresas *Lanera de Galicia* e *Montoto*. Neste último caso, trátase dunha operación de préstamo por tres millóns de euros destinados a garantir a continuidade da compañía que está a elaborar un plan de viabilidade. Xa no sector agroalimentario, aprobouse unha operación pola que a cooperativa de produtos lácteos *Feiraco* acadará un préstamo de 3 millóns de euros destinado a unha operación de financiamento a curto prazo, mentres que se lle concede un aval por importe máximo de 700.000 euros a *Conservas y Elaborados Guau, S.A.*

Finalmente, tamén se concederon avais por importe de 1.470.000 euros a *Industrias Pizarreras García Aguado*; por 700.000 euros a *Gráficas del Noroeste* e por 1.330.000 euros a *Indeport*.

Entre o Igape e Xesgalicia apoiaron durante 2008 as empresas galegas cun financiamento por importe de 750 millóns de euros, cantidade que permitiu mobilizar un investimento de cerca de 2.000 millóns de euros en proxectos empresariais. Trátase dunha importante achega de fondos ao tecido produtivo de Galicia na situación actual, caracterizada pola restrición de crédito. Neste sentido, é unha clara prioridade do Goberno galego captar recursos a través do Igape e Xesgalicia, para achegalas ao tecido produtivo e ás empresas galegas, con achegas nas que predominan ás axudas de carácter reembolsable (préstamos, avais, capital risco), fronte á subvención directa. Así,



dos 750 millóns de euros mobilizados este ano, 105 foron subvencións directas; 500 millóns préstamos; 62 millóns avais e 75 millóns de capital risco.



A XUNTA INVESTIRÁ 12,6 MILLÓNS DE EUROS NO TÚNEL DE XULIÁN ESTÉVEZ, EN VIGO

- ***O Consello da Xunta autorizou un convenio entre a CPTOPT e o concello para impulsar as actuacións previstas na Cidade do Mar e Guixar***

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Vigo tanto para a redacción do proxecto como para a construción do túnel da rúa Xulián Estévez, en Teis. Segundo este convenio, a CPTOPT achegará un total de 12,6 millóns de euros, dos cales 1,1 millóns van destinados á redacción do proxecto e 11,5 millóns á execución das obras.

O túnel da rúa Xulián Estévez configurarase como unha infraestrutura fundamental para facilitar a mobilidade e a seguridade viaria no contorno da futura Cidade do Mar así como para contribuír á humanización desa importante área do barrio de Teis.

Segundo o convenio, a CPTOPT achegará un total de 1,1 millóns de euros para a redacción do proxecto do túnel así como para a súa tramitación ambiental. Política Territorial tamén achegará outros 11,5 millóns de euros para a execución das obras do túnel.

Pola súa banda, o Concello de Vigo comprométese a realizar as actuacións necesarias para reducir a carga urbanística para financiar o túnel vinculada ao solo urbano non consolidado de Guixar de 15.525.000 euros a 4.025.000 euros. Igualmente, o Concello asignará á citada actuación unha carga urbanística polo importe de 11,5 millóns de euros destinada a financiar a obtención do solo do Plan sectorial de ordenación territorial que regula a implantación do complexo dotacional Campus Científico-Tecnolóxico *Cidade do Mar* nas antigas instalacións da ETEA. Así, a achega da CPTOPT permitirá reducir a carga urbanística que actualmente ten a actuación de solo urbano non consolidado de Guixar para financiar o túnel e impulsará ao mesmo tempo tanto esta actuación como a da Cidade do Mar. Mantense deste xeito o equilibrio económico-financieiro do PXOM xa que se garante unha achega da Xunta de Galicia polo mesmo importe destinado a financiar a execución do túnel de Xulián Estévez.

A obriga de financiamento de Política Territorial está supeditada ao cumprimento con carácter previo por parte do Concello da efectiva materialización da antedita achega prevista como carga urbanística.

A execución do túnel de Xulián Estévez e o desenvolvemento urbanístico de Guixar, conxuntamente co proxecto da Cidade do Mar, significarán a transformación do barrio de Teis, converténdoo nunha área de excelencia do litoral vigués. Así mesmo, estes desenvolvementos contribuirán a dotar o barrio de espazos públicos de alta calidade, situándose como ámbito de referencia non só pola súa relevancia científico-técnica senón tamén polas actividades de carácter terciario que alí se desenvolvan e polos grandes



superficies libres que se xeren, contribuíndo así a que a cidade de Vigo poida exercer o seu rol como cidade de referencia da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.



OS CONCELLOS DE BOIMORTO, LOURENZÁ, PETÍN E TRABADA INCORPÓRANSE Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DE GALICIA

- ***A día de hoxe hai 35 concellos adheridos á axencia***
- ***Estes concellos delegan na axencia as súas competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística para determinados tipos de solo***
- ***A APLU é un ente público consorciado ao que os concellos se incorporan de xeito voluntario***

O Consello da Xunta aprobou os convenios de colaboración entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia (APLU) e os Concellos de Boimorto (A Coruña), de Lourenzá e Trabada (en Lugo) e de Petín (Ourense), para a súa adhesión a este órgano consorciado encargado de velar pola utilización racional do solo de conformidade coa normativa urbanística e de protección do litoral, polo que no día de hoxe hai un total de 35 concellos adheridos á axencia.

A integración destes catro concellos na APLU será plenamente efectiva unha vez asinado cada un dos convenios de colaboración autorizados hoxe polo Consello e logo da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Cómpre lembrar que a adhesión á APLU é unha decisión voluntaria dos propios concellos que debe ser aprobada en sesión plenaria municipal.

A partir de agora, os concellos adheridos delegan na axencia as súas competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística respecto das obras e usos do solo que se realicen en solo rústico, en solo urbanizable mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas no exercicio das competencias delegadas, serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante ingresarase nas contas municipais.

Funcións da APLU

A APLU é un ente público consorciado do que forman parte a Xunta de Galicia e os concellos que voluntariamente se adhiran a ela. O seu cometido é a vixilancia do territorio para velar pola utilización racional do solo, a ordenación do territorio especialmente na zona rural e a inspección de áreas sensibles como o litoral na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Os estatutos da axencia –que foron elaborados por unha comisión mixta integrada por representantes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a Federación Galega de Municipios e Provincias - recollen de xeito pormenorizado as súas



funcións como son, entre outras, a inspección e vixilancia urbanística sobre os actos de edificación e uso do solo, a adopción das medidas cautelares previstas na lexislación urbanística, a instrución dos expedientes de reposición da legalidade e dos expedientes sancionadores por infraccións urbanísticas, a potestade sancionadora e de reposición da legalidade, o requirimento para a anulación de licenzas contrarias á normativa, o asesoramento e asistencia ás administracións públicas e as competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que os municipios integrados voluntariamente na axencia deleguen nela.



A XUNTA PON EN MARCHA A REDE DE PARQUES CIENTÍFICOS E TECNOLÓXICOS DE GALICIA CUNHA ACHEGA DE 232.116 EUROS

- ***A Consellería de Innovación e Industria asinará un convenio coa tecnópole para o sufragamento das actuacións necesarias para o deseño da rede de parques***

O Consello da Xunta autorizou a Consellería de Innovación e Industria a subscribir un convenio de colaboración coa *Sociedade Xestora Parque Tecnolóxico de Galicia* para a realización de actuacións relacionadas coa creación da Rede de Parques Científicos e Tecnolóxicos de Galicia e a participación na Unidade CAPITA. A Consellería de Innovación e Industria achegará 232.116 euros para financiar estas actuacións.

O convenio enmárcase na estratexia do departamento autonómico de posta en marcha de solo tecnolóxico que ten na tecnópole de Ourense o seu centro neurálxico. A Rede de Parques Científicos e Tecnolóxicos, con parques localizados en Ourense, Vigo, A Coruña, Santiago e Lugo, sumará complementariedades entre eles contribuindo a vertebrar o país e lograr a aplicación da I+D+I nas empresas.

Pola súa banda, a unidade CAPITA será o centro dun sistema de apoio á innovación empresarial galega baseándose nun enfoque de proximidade e distribución territorial. A unidade facilitará a comunicación entre as empresas e os diferentes axentes no ámbito da innovación e promoverá iniciativas innovadoras mediante a captación, o diagnóstico, a planificación e o apoio á implantación de proxectos innovadores. Articularase en torno a dous eixes: a identificación de iniciativas innovadoras e a coordinación de recursos públicos e privados para darlles soporte en proxectos concretos que pasen a integrarse finalmente nos procesos da empresa ou sexan comercializados no mercado.



O GOBERNO GALEGO FINANCIARÁ A POSTA EN MARCHA DE SISTEMAS DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS NA CORUÑA, CULLEREDO, FERROL, VILAGARCÍA E RENDODELA

- ***O Instituto Enerxético de Galicia achegará un total de 700.000 euros, 140.000 por concello, para executar os proxectos***
- ***O organismo dependente de Innovación e Industria subscribirá acordos para a realización de cursos de conducción eficiente e de certificación enerxética de edificios e para o fomento dos medios colectivos no transporte por estrada***

O Consello da Xunta autorizou o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), dependente da Consellería de Innovación e Industria, a subscribir os correspondentes convenios de colaboración cos concellos de Vilagarcía, Culleredo, A Coruña, Ferrol e Redondela para promover e potenciar o uso da bicicleta como medio de transporte urbano nestas localidades. O Inega achegará un total de 700.000 euros (140.000 por municipio) para o desenvolvemento do proxecto.

Cada concello porá en marcha un sistema de préstamo público de bicicletas que incluírá a construción dun mínimo de tres bases de aparcamentos e a posta a disposición dos usuarios dun mínimo de 50 bicicletas.

Cursos de conducción eficiente

Por outra banda, o Inega tamén asinará un convenio de colaboración coa *Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI)*, a *Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC)* e a *Fundación Sotavento Galicia* para a execución de cursos de conducción eficiente de vehículos, no marco do Plan de acción da estratexia de aforro e eficiencia enerxética estatal 2008-2012. Con estas accións formativas foméntase un novo estilo de conducción dos turismos con que se pretende obter diminucións medias no consumo de combustible de até o 15% sobre a conducción convencional, mellorando tamén a seguridade. As 3 fundacións serán as encargadas de impartir estes cursos, para cuxo desenvolvemento o Inega achegará 150.000 euros.

Certificación enerxética de edificios

O Instituto Enerxético de Galicia tamén asinará outro convenio cos colexios oficiais de enxeñeiros industriais e arquitectos de Galicia e cos colexios oficiais de enxeñeiros técnicos industriais da Coruña, Lugo, Ourense e Vigo para a realización de accións en materia de certificación enerxética de edificios, tamén no marco do Plan de acción da estratexia de aforro e eficiencia enerxética estatal 2008-2012. O convenio ten por obxecto establecer a colaboración para a realización de cursos de formación de formadores en certificación enerxética de edificios e cursos específicos de formación sobre certificación enerxética de edificios. O Inega achegará un total de 150.000 euros para a execución deste programa.



Acordo para fomentar os medios colectivos no transporte por estrada

Por último, o Inega subscribirá un acordo de coordinación coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes co fin de fomentar a maior participación dos medios colectivos no transporte por estrada. A medida acometerase mediante a realización de estudos que permitirán, en función dos seus resultados, levar a cabo investimentos en infraestruturas ou servizos para que aumente a demanda dos medios colectivos.



O GOBERNO GALEGO E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA COLABORAN PARA CONTINUAR A REHABILITACIÓN E MUSEALIZACIÓN DO MOSTEIRO DE CAAVEIRO

- ***A Consellería de Innovación e Industria achegará 573.770,56 euros para a execución das novas obras***

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de Turismo, e mais a Deputación Provincial da Coruña para a continuación da realización do proxecto de musealización e rehabilitación do mosteiro de Caaveiro. A achega económica para levar a cabo este proxecto acada os 573.770,56 euros, que se suman aos 132.357,70 xa executados en obras de rehabilitación do cenobio.

O proxecto relacionado con Caaveiro desenvólvese en dúas fases. Unha primeira fase que consiste na rehabilitación da Casa do Garda do mosteiro de Caaveiro e unha segunda fase na que se levará a cabo a musealización do mosteiro e que se executará ao longo do vindeiro ano 2009. A rehabilitación da Casa do Garda é un proxecto que inclúe traballos de movementos de terras, estrutura, albanelaría, carpintería, electricidade, iluminación, fontanaría, mobiliario interior e acondicionamento da contorna. Doutra parte, a musealización do mosteiro implica dotalo de mobiliario, audiovisuais, contidos museolóxicos, mercadotecnia, imaxe corporativa ou sinalética.

Entre as obrigas da Deputación Provincial da Coruña están a de incluír toda a documentación e soportes específicos para o proxecto así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas. Así mesmo, a achega da Deputación Provincial da Coruña para este proxecto concretarase en 173.770,56 euros.

As características das actuacións obxecto deste convenio son de interese xeral pola promoción turística que comporta o seu desenvolvemento, no cal son coincidentes a difusión histórica, cultural, literaria e artística do país.



A XUNTA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA COLABORAN NA CREAÇÃO DA UNIDADE DE INVESTIGACIÓN EN MADEIRA NA CONSTRUCCIÓN

- ***Innovación e Industria investirá 300.000 euros para o acondicionamento arquitectónico e a habitabilidade dun local de 300 m² no Campus da Zapateira***
- ***Esta unidade impulsará a actividade investigadora no sector e favorecerá a transferencia de tecnoloxía entre os axentes do sistema galego de I+D***

O Consello da Xunta deu o visto e praxe ao convenio entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade da Coruña para o acondicionamento arquitectónico e a habitabilidade dun local que será sede da futura Unidade de Investigación en Madeira na Construcción. Esta colaboración supón para a consellería un investimento de 300.000 euros.

O convenio é a materialización do interese da Consellería de Innovación e Industria e da Universidade da Coruña en fomentar a I+D+i no ámbito da madeira e máis concretamente na súa aplicación no sector da construción. A Unidade de Investigación en Madeira na Construcción permitirá impulsar a actividade investigadora e favorecer a transferencia de coñecemento e tecnoloxía entre os axentes do sistema galego de I+D, particularmente entre os organismos públicos de investigación e as empresas.

O funcionamento da futura unidade regularase mediante un convenio no cal colaborarán a Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Vivenda e Solo, a Universidade da Coruña, o Concello da Coruña, a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico (na cal se integra o Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira) e o Clúster da Madeira de Galicia.

O novo local, que será titularidade da Universidade da Coruña, é un espazo de 300 m² situado nas instalacións existentes no Campus da Zapateira entre os edificios da Escola Técnica Superior de Arquitectura, a Escola Universitaria de Arquitectura Técnica e o edificio de departamentos, todos eles propiedade da UDC.

Dentro deste local, haberá espazos destinados á formación, á divulgación, a aplicación e á investigación da madeira e produtos derivados na construción. Ademais, o convenio establece que se reservan 70 m² para servizos e dependencias administrativas do Centro de Innovación e Servizos da Madeira, integrado na Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

Este convenio responde a diferentes aspectos das liñas de acción prioritarias do Plan Galego de I+D+i 2006 – 2010 (INCITE). Por unha banda, considera fundamental a creación de estruturas que aproximen a investigación básica co ámbito industrial así como a coordinación das accións entre os centros de investigación e as empresas. Por outra banda, o INCITE inclúe entre as tecnoloxías críticas a dos materiais e a construción. No caso particular da construción, pretende dotar ao sector de novas solucións baseadas en tecnoloxías avanzadas e desenvolver técnicas procedentes da construción que poidan ser



aplicadas na rehabilitación de edificios e na conservación do patrimonio, sempre tendo presente os factores de sustentabilidade e preservación da singularidade do territorio.



A XUNTA ACHEGA 2,5 MILLÓNS DE EUROS PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE ECO-COMERCIALIZACIÓN PESQUEIRA

- ***A Fundación para a Investigación, Desenvolvemento Tecnolóxico e Innovación no Sector Pesqueiro de Celeiro desenvolverá o proxecto co apoio da Consellería de Innovación***

A Consellería de Innovación e Industria e a Fundación para a Investigación, Desenvolvemento Tecnolóxico e Innovación no Sector Pesqueiro de Celeiro colaborará para a posta en marcha un proxecto de Eco-comercialización pesqueira para a mellora do actual sistema de venda dos produtos pesqueiros aplicando sistemas de investigación, desenvolvemento e innovación á xestión integral das diferentes especies, desde o mar até o consumidor final. O departamento de Innovación achegará 2,5 millóns de euros, o 89% do custe total do proxecto, que se materializará coa sinatura dun convenio cuxa sinatura autorizou hoxe o Consello da Xunta.

O obxectivo xeral do proxecto é acadar unha maior rendibilidade económica da produción pesqueira maximizando o valor das capturas. Para acadar este obxectivo principal, formuláronse unha serie de obxectivos intermedios que pasan por adaptar a explotación pesqueira á demanda de mercado en canto á cantidade e regularidade, promovendo unha pesca máis responsábel, mellorar a calidade do produto en todas as fases de produción e comercialización, diversificar as saídas do produto para aqueles segmentos de mercado máis apropiados, conseguir un aproveitamento óptimo e sostíbel das capturas accesorias, subprodutos e residuos da produción e comercialización, reducir os custes enerxéticos en toda a cadea de produción pesqueira desde o mar até os puntos de distribución final e crear un entorno seguro para aquelas entidades integradas na actividade pesqueira que aposten por introducir as innovacións desenvoltas.

Para acadar estes obxectivos, o proxecto contempla a realización de estudos no eido da duración óptima das mareas, das diversas posibilidades de transporte do produto, das posibilidades de empaquetado acorde ao produto e ao consumidor, de novos sistemas de conservación, novos procesados e presentacións que alonguen a vida comercial e diversifiquen a oferta, de novos sistemas de etiquetado, creación de marcas e fixación de prezos, entre outros. Dentro desta iniciativa tamén se desenvolverán actuacións de coñecemento do mercado e difusión dos produtos pesqueiros e probas piloto en condicións reais nos barcos, en lonxa, na cadea de distribución e en puntos de venda. Por último, no eido da sostibilidade e respecto ambiental, o proxecto de eco-comercialización contempla a xestión integral das capturas accesorias, residuos e subprodutos de toda a cadea de produción e comercialización, o desenvolvemento de novos procesos de explotación que diminúan as capturas accesorias e a valorización destas capturas, así como o estudo e implantación de medidas de aforro enerxético na flota, na cadea de distribución e nos puntos de distribución e venda, a redución de custes e sostibilidade ambiental a través dun sistema de reutilización de envases e eliminación de residuos non biodegradábeis e a certificación medioambiental e desenvolvemento sostíbel da explotación pesqueira.



O GOBERNO GALEGO APOIA A TRANSFERENCIA DOS RESULTADOS DA I+D ACHEGANDO PRETO DE 1,5 MILLÓNS ÁS UNIVERSIDADES DE GALICIA

- ***A Consellería de Innovación financia accións para a promoción da oferta universitaria de I+D, a protección dos resultados de investigación e o asesoramento aos grupos***
- ***A Universidade de Santiago de Compostela recibe 602.731 euros e a de Vigo 477.623 euros e a da Coruña 373.456 euros***

A Consellería de Innovación e Industria achega 1.453.810 ás tres universidades galegas para potenciar o funcionamento das súas oficinas de transferencia de resultados de investigación (OTRI). A través dun convenio coas tres entidades, cuxa sinatura foi autorizada hoxe polo Consello da Xunta, Innovación e Industria pretende mellorar a eficacia das OTRI dotándoas dos recursos humanos axeitados e potenciar as súas funcións en sintonía co Programa de articulación do sistema de investigación e innovación do Plan Galego de I+D+i 2006 – 2010 (INCITE).

As OTRI teñen como finalidade propiciar a participación dos seus investigadores en proxectos empresariais de investigación promovidos por empresas, así como acadar que os resultados de investigación cheguen ao conxunto da economía e á sociedade. Con este investimento da consellería de Innovación e Industria, cada unha das OTRI galegas incrementará as súas actividades e recursos. Dos preto de 1,5 millóns de euros que investirá a Consellería, correspóndelle á Universidade de Santiago a cifra total de 602.731 euros. Pola súa banda, a Universidade de Vigo recibirá 477.623 euros mentres que para a da Coruña serán 373.456.

Persoal, formación, promoción e consultoría

O financiamento da consellería irá destinado a diferentes conceptos como gastos de persoal, de formación, de consultoría ou de execución de diferentes accións. As accións que desenvolverán as OTRI grazas a este convenio céntranse na estruturación e na actualización da oferta de I+D das universidades e na promoción dos grupos de investigación mediante a edición de folletos, a asistencia a feiras, a organización de encontros universidade-empresa etc. Ademais, finánciense accións encamiñadas ao acceso ás axudas públicas á I+D e aos proxectos internacionais.

Coa colaboración de Innovación e Industria, as OTRI levarán a cabo tamén tarefas de asesoramento e negociación dos contratos dos grupos de investigación universitarios con entidades externas, así como nos trámites necesarios para a protección dos resultados de investigación. Finalmente, as OTRI comprométese, a través deste convenio, a apoiar e facer seguimento das iniciativas empresariais de base tecnolóxica que nazan no seo de cadansúa universidade así como a manter e promocionar a carteira tecnolóxica con actividades de avaliación de resultados, de comercialización etc.



A XUNTA FINANCIARÁ CON 180.000 EUROS A IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS NO CENTRO DE ASPANAS

- ***O proxecto emprega as novas tecnoloxías para mellora a calidade e seguridade de usuarios e traballadores***

O Consello da Xunta autorizou a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Asociación de Padres de Persoas con Retraso Mental (ASPANAS) para a implantación de novas tecnoloxías no novo centro para persoas con discapacidade intelectual con necesidades de apoio límite e intermitente e extenso ou xeneralizado.

O acordo, en virtude do cal a consellería realizará unha achega de 180.000 euros, ten por obxecto a posta en marcha de actividades para melloras tecnolóxicas específicas para un centro piloto en materia de control e domótica no referido as persoas con discapacidade intelectual con necesidades de apoio límite e intermitente en situación de dependencia e o fomento da sociedade da información.

A finalidade é o emprego das novas tecnoloxías para mellorar a calidade e seguridade da estadía dos usuarios no centro ASPANAS, facilitar o traballo do persoal do centro, así como gañar en seguridade e tranquilidade tanto para o contorno do propio usuario como dos traballadores. Para iso incluíranse dispositivos como controis electrónicos de acceso ás habitacións e estandías específicas mediante tarxetas de proximidade que permite controlar o acceso dunha forma sinxela; control dixital de errantes, para dar un control específico sobre os usuarios que o requiran; detectores de presión electrónicos; sensores en portas; sensores de presenza; pulsadores en pulseras persoais sen fíos e no cuarto, entre outros.



O CENTRO GALEGO DO PLÁSTICO RECIBE 93.489 EUROS PARA OS SEUS TRABALLOS INICIAIS

- ***A Consellería de Innovación e Industria financia os gastos de persoal de xerencia e administración así como gastos de representación, asesoría e promoción do centro***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o investimento de 93.489 euros da Consellería de Innovación e Industria para o desenvolvemento dos primeiros traballos do Centro Galego do Plástico.

O texto do convenio hoxe autorizado establece as cifras para o financiamento de accións e investimentos iniciais e fixa as condicións das achegas económicas futuras, cuxa contía se establecerá en función dos resultados acadados. Os conceptos que financia a consellería corresponden aos gastos de persoal derivados da xerencia e da administración do centro e a outros gastos de representación, asesoría e promoción.

Este investimento da Consellería de Innovación e Industria no Centro Galego do Plástico súmase aos 30.000 achegados para o estudo de viabilidade e aos 70.000 desembolsados na constitución do centro, na cal participaron ademais empresas do sector, a Universidade da Coruña e a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

Motor do sector

O Centro Galego do Plástico, albergado polo Centro de Innovación e Servizos de Ferrol, será o referente e motor da investigación en tecnoloxías do sector e servirá para potenciar a I+D das empresas galegas. Ademais, o carácter transversal dos materiais plásticos fará que o centro tecnolóxico teña repercusión en moitos outros sectores industriais, estendéndose os seus resultados por todo o tecido produtivo de toda Galicia.

O sector do plástico constitúe un sector industrial emerxente en Galicia, con empresas transformadoras de caucho e produtos plásticos que durante 2005 tiveron unha facturación de 746 millóns de euros e xeraron uns 5.200 postos de traballo. A isto hai que engadir as empresas que usan materias plásticas nas súas actividades, que van desde a industria eólica e aeronáutica ou o automóbil até o sector naval e a acuicultura.

Para dar resposta ás súas demandas, o centro estará formado inicialmente por tres grandes áreas: enxeñaría de produto, dotada das licenzas de software para o deseño de pezas e os equipamentos necesarios para o traslado dos deseños á realidade; a área de procesamento de materiais plásticos ou inxección, na cal se realizarán probas de extrusión e inxección con novos materiais plásticos en distintas condicións de presión e temperatura; e a área de laboratorio de plásticos (en colaboración co LabPlast da Universidade da Coruña), cuxo obxectivo é a investigación e desenvolvemento de novos polímeros e a mellora dos xa existentes.



Así mesmo, o centro actuará como xerme de novas empresas que fortalezan o tecido industrial galego e liderará iniciativas que teñan un impacto positivo no resto da sociedade (reciclaxe, uso de materiais inocuos, bioplásticos, aforro de enerxía, etc.). O obxectivo final é constituírse como un centro de referencia no sector industrial do plástico no ámbito estatal e internacional.



O BANCO DE TERRAS APROBA OS PREZOS DE REFERENCIA PARA O 2009

- ***A Comisión Técnica de Prezos e Valores de Banco de Terras de Galicia decidiu incrementar de forma lineal en todo o territorio para o ano 2009 os prezos conforme a variación do índice de prezos de consumo, que supón un +2,2%, segundo acordou o Consello da Xunta***

O Consello da Xunta acordou fixar os valores dos prezos tipo para a cesión de predios rústicos do Banco de Terras de Galicia en réxime de arrendamento ou concesión, que estarán vixentes até o 31 de decembro de 2009. Así, incrementaranse de forma lineal en todo o territorio para o ano 2009 os prezos aprobados polo Consello da Xunta para este exercicio conforme a variación do índice de prezos de consumo na Comunidade Autónoma de Galicia (IPC dos últimos doce meses) e que, de acordo cos datos do Instituto Nacional de Estatística, supón unha variación de +2,2 %.

Ademais, incrementárase o prezo tipo de cesión de forma selectiva nas cualificadas como “zonas forraxeiras máis activas” e nas “zonas vitícolas con denominación de orixe”, mediante a aplicación do tipo base de cálculo establecido no informe de partida, é dicir, do 7,50 % da marxe neta mantendo nos demais concellos, como ata agora, o 5 % da marxe neta.

Nas zonas de especial risco de abandono (ZERA), establecidas por acordo do Consello da Xunta de 25 de outubro de 2007, mantéñense os prezos de arrendamento máis baixos, aplicando un desconto do 50%.

Acordouse tamén manter o custo mínimo de arrendamento de vinte euros anuais por predio, con indiferenza da extensión superficial deste.

Para os alleamentos de predios rústicos titularidade da *Sociedade Anónima Xestora Bantegal* manterase o mesmo sistema para a determinación dos prezos que servirán como valores tipo de referencia establecido no acordo do Consello da Xunta do 8 de maio de 2008.



A XUNTA INVISTE 180.000 EUROS NA RECUPERACIÓN DA MURALLA DO CASTELO DOS SARMIENTO EN RIBADAVIA

- ***A actuación desenvolverase no 2009 na rúa Tomás de Lemos, con escavación, recuperación da estrutura do baluarte e instalación de iluminación***
- ***Coa nova intervención continúanse os traballos desenvolvidos en 2007, de consolidación dun lenzo da muralla e remate do acceso polo paseo***

A Xunta, a través da Consellería de Cultura e Deporte investirá 180.000 euros nunha nova actuación para recuperar e poñer en valor o castelo dos Sarmiento en Ribadavia. Intervirase no tramo da muralla na rúa Tomás de Lemos, onde se realizarán traballos de escavación, recuperación estrutural e iluminación da muralla.

O Consello da Xunta aproba hoxe o convenio entre a Consellería de Cultura e o Concello de Ribadavia que permitirá a realización desta actuación no ano 2009. A intervención centrarase en varios aspectos: a escavación do xardín da rúa Tomás de Lemos, con impermeabilización e drenaxe; así como a recuperación da estrutura do baluarte descuberto na fase anterior das obras.

A actuación inclúe tamén a desmontaxe parcial e apeo de muros de construcións veciñas con risco de derrubamento. Por último, realizaranse traballos para a instalación da iluminación do lenzo da muralla.

A nova intervención continuará as obras levadas a cabo en 2007. Daquela investíronse 140.000 euros en consolidar e evitar un risco de deslizamento dun lenzo da muralla, así como rematar o acceso polo paseo ao resto do castelo. Tamén se descubriu a traza orixinal da antiga muralla interior, que non era accesible ao público e posuía elementos de valor histórico e arquitectónico ocultos polos recheos.

O castelo de Ribadavia é unha fortaleza medieval edificada no século XV e da cal hoxe só quedan a muralla, que vai paralela ao río Avia, e os torreóns que flanquean tres portas: a Porta da Cerca, a Porta Nova e a Porta Falsa. A porta da Cerca é pola que se fai o acceso ao castelo, formada por un arco de medio punto e con dous brasóns sobre ela. No interior atopamos restos dunha necrópole altomedieval, sartegos antropoides da antiga capela de San Xes e restos da cheminea onde estivo o escudo dos Sarmiento, señores de Ribadavia que serviron aos Reis Católicos nas guerras de Portugal e Granada.



O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ 212.000 EUROS NA CONSTRUCIÓN DUN CENTRO DE ACOLLIDA DE VISITANTES AOS PETRÓGLIFOS DE MOGOR (MARÍN)

- ***A Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Marín asinarán o convenio tras a súa aprobación hoxe no Consello da Xunta***
- ***O centro incluirá unha exposición informativa, e construíranse ademais dúas novas pasarelas para a visión do conxunto arqueolóxico***

O xacigo de arte rupestre de Mogor en Marín contará a partir de 2009 cun centro de acollida de visitantes. O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Marín para o investimento de 212.000 euros na construción deste centro e de dúas pasarelas para acceso aos petróglifos.

O obxectivo da actuación é dotar este conxunto arqueolóxico dunhas mellores infraestruturas para a recepción de visitantes. O centro de acollida situarase no acceso fronte á estrada da praia, facilitando o ascenso ao conxunto. Será un edificio en planta baixa que albergará unha exposición informativa sobre o xacigo.

A actuación desenvolverase ao longo do vindeiro ano e completarase coa construción de dúas novas pasarelas de madeira a carón das dúas rochas con petróglifos en forma de labirinto para facilitar a súa visión, acompañadas de atrís informativos.

Estas pasarelas seguirán o modelo da plataforma que se construíu en 2007 e que serviu para mellorar a visión dos petróglifos da rocha máis grande, chamada "Pedra dos Mouros", substituíndo unha pasarela anterior en ferro, máis agresiva co ben arqueolóxico. Os traballos desenvolvidos o ano pasado implicaron tamén a diagnose e limpeza selectiva das rochas con gravados, coa eliminación de musgos e líques.

Mostra excepcional da arte rupestre

O de Mogor é un dos máis importantes conxuntos de petróglifos, unha mostra excepcional da arte rupestre en Galicia. A Consellería de Cultura entende que a súa posta en valor é unha importante contribución á dinamización sociocultural do patrimonio da comarca.

Con esta finalidade, os petróglifos de Mogor foron elixidos como un dos xacigos de arte rupestre incorporados ao proxecto REPPARP (Rede europea primeiros poboadores e arte rupestre prehistórica), que xunto con outras comunidades autónomas e socios de Portugal e Francia, é o xerme da candidatura denominada "Camiños de arte rupestre prehistórica" como Itinerario Cultural Europeo. O obxectivo é promover os enclaves rupestres e xerar una oferta cultural e turística de calidade que incida no desenvolvemento sustentable das comarcas en que se atopan.



O GOBERNO GALEGO CONSTRUIRÁ NOVOS CENTROS DE SAÚDE NOS CONCELLOS DE CULLEREDO (A CORUÑA) E GONDOMAR (PONTEVEDRA)

- ***O Consello da Xunta aceptou hoxe a cesión gratuíta da titularidade de cadansúa parcela para construír dous centros de saúde incluídos no Plan director de infraestruturas sanitarias 2007-2013***

O Consello da Xunta de Galicia aceptou hoxe a cesión gratuíta da titularidade de cadansúa parcela por parte dos concellos de Culleredo (A Coruña) e Gondomar (Pontevedra) para construír dous centros de saúde incluídos no Plan director de infraestruturas sanitarias 2007-2013.

En concreto, o concello coruñés de Culleredo pon á disposición do Servizo Galego de Saúde unha parcela de 3.024 metros cadrados situada na avenida Portádega, mentres que o Concello de Gondomar cede un soar no lugar das Ánimas.

O novo centro de saúde de Culleredo contará cun total de sete consultas de medicina xeral, sete de enfermaría, e sala de espera. Contará, tamén, cunha área pediátrica dotada con dúas consultas de pediatría e unha de enfermaría e a súa propia sala de espera.

Do mesmo xeito, este novo centro contará cunha sala de extraccións, outra de curas e diagnósticos e unha sala de técnicas en que se desenvolverá a cirurxía menor, espirometrías e outras técnicas. Unha consulta polivalente, unha área de persoal de administración con catro postos, unha sala de reunións-biblioteca e unha sala de descanso para os e as profesionais completan, xunto con outras instalacións, o equipamento do futuro centro asistencial. O arquivo contiguo á área de persoal terá capacidade para 16.000 historias clínicas.

Novo centro de saúde en Gondomar

O novo centro contará con tres áreas: unha de asistencia sanitaria con oito consultas de medicina de familia e outras oito de enfermaría, dúas consultas de pediatría e dúas de enfermaría pediátrica, coas súas correspondentes zonas. Ademais, contará con espazos para toma de mostras, tres salas polivalentes e unha sala de técnicas, que permitirán o desenvolvemento dos novos programas asistenciais de atención primaria.

O futuro centro de saúde tamén contará cunha área de recepción, administración e arquivo; así como unha área específica de atención á muller con dúas consultas e unha sala de educación para a saúde. Existirá tamén espazo para biblioteca, sala de xuntas e zona de servizos xerais.



O GOBERNO GALEGO E O INSTITUTO DE SAÚDE CARLOS III IMPULSAN A ESTABILIZACIÓN DO PERSOAL INVESTIGADOR

- ***O Consello da Xunta tamén autorizou esta mañá a ampliación dun convenio para a reserva e ocupación de prazas para enfermos con trastornos mentais na Residencia de Sierra Martiñá***
- ***O Servizo Galego de Saúde tamén ampliou outros convenios de colaboración para promover o uso de recursos sanitarios con diferentes entidades no ano 2009***

A Consellería de Sanidade e o Instituto de Saúde Carlos III continuarán en 2009 coa estabilización laboral dos investigadores que estean a traballar en programas de investigación amparados polas institucións do sistema nacional de saúde e contratados a través do programa de recursos humanos e difusión da investigación do Instituto de Saúde Carlos III.

Esta mesma medida, que se plasmará nun convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta de Galicia, tamén permitirá incentivar a incorporación ao sistema nacional de saúde de investigadores con alto potencial en grupos emerxentes e consolidados; e ao mesmo tempo permitirá promover a intensificación da actividade investigadora do persoal asistencial das institucións do sistema nacional de saúde que realiza actividade asistencial, contribuíndo así a incrementar o número e a calidade dos investigadores e grupos de investigación.

Este programa desenvólvese mediante a concesión de axudas por parte do Instituto Carlos III ás comunidades autónomas e sen que isto supoña custo orzamentario para as comunidades. Neste caso, a sinatura do convenio que acaba de ser autorizado polo Consello da Xunta supón un orzamento no 2009 de 206.000, dos que un total de 26.000 euros están destinados á liña de incorporación estable de investigadores e outros 180.000 euros para a intensificación da actividade investigadora.

Sierra Martiñá

O Consello da Xunta tamén autorizou unha cláusula adicional do actual concerto entre a Dirección Provincial do Servizo Galego de Saúde en Ourense e a empresa Sierra Martiñá para un total de 37 prazas concertadas a enfermos con trastorno mental. O orzamento total desta actuación é de 249.084 euros.

Deste xeito, amplíase o número de prazas en 17 con respecto ao convenio asinado en xuño de 2007, cando se concertaban 20 prazas na unidade residencial e de transición desta empresa para estes pacientes con trastorno mental persistente.



Continuidade na asistencia

O Consello da Xunta autorizou esta mañá as prórrogas para o 2009 de varios concertos con entidades para a prestación de asistencia sanitaria. Así, o Servizo Galego de Saúde prorroga o convenio co Hospital Povisa para a prestación da asistencia sanitaria especializada aos beneficiarios da Seguridade Social por valor de 70.871.107 euros.

Ademais, o Servizo Galego de Saúde vai destinar 293.618 euros para ampliar o convenio co Ministerio de Defensa, que regula a utilización de determinados recursos sanitarios do Hospital Básico da Defensa de Ferrol.

Outras das prórrogas autorizadas hoxe son a do contrato-programa con Urgencias Sanitarias de Galicia-061, á cal se destinan 41.430.335 euros, e do contratoprograma coa Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía (INGO), por valor de 1.637.000 euros.

Tamén quedou autorizada a prórroga para o ano 2009 do concerto vixente coa Fundación Centro Oncolóxico de Galicia-José Antonio Quiroga y Piñeiro para a prestación de servizos en materia oncolóxica, cun orzamento de 11.189.600 euros.



A XUNTA AUTORIZA A PRÓRROGA DO PROXECTO DE ESTABILIZACIÓN PRODUTIVA DA RÍA DE PONTEVEDRA ATA FINAIS DE XUÑO DE 2009

- ***Esta actuación forma parte das medidas impulsadas pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para evitar as consecuencias da inactividade das áreas de produción catalogadas como zona “C”, o que impide a venda en fresco dos moluscos***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura da quinta addenda pola que se prorroga, ata o 30 de xuño de 2009, o convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Agrupación de Interese Económico “Lonxa de Campelo” para a realización do proxecto de estabilización produtiva da ría de Pontevedra. A continuidade desta actividade, na cal participan os mariscadores e mariscadoras das confrarías de Raxó, Lourizán e Pontevedra, suporá unha achega dun total de 1.306.624 euros por parte da Administración pesqueira galega, susceptible de ser cofinanciada polo Fondo Europeo de Pesca (FEP).

Esta iniciativa forma parte das medidas impulsadas pola Consellería de Pesca para evitar ou paliar as consecuencias da inactividade dos bancos marisqueiros, que afectan os profesionais do mar en varias rías galegas, debido á catalogación das súas áreas de produción como zona “C”. De feito, esta clasificación impídelles comercializar en fresco os moluscos extraídos e a venda para a transformación apenas lles resulta rendible.

No caso da ría de Pontevedra, a Consellería de Pesca e a Agrupación de Interese Económico “Lonxa de Campelo”, conformada polos mariscadores e mariscadoras dos pósitos de Raxó, Lourizán e Pontevedra, asinaron un convenio de colaboración en setembro de 2007, despois de ser clasificado o banco de Placeres, situado na parte interna da ría, como zona “C”. Este protocolo foi obxecto de catro prórrogas, a última delas vixente ata o 31 de decembro deste ano, mediante unha addenda asinada o 30 de setembro de 2008.

A situación sanitaria das augas da ría de Pontevedra non permite no día de hoxe iniciar a actividade marisqueira normal polo que é preciso continuar cos labores do plan de traballo, se ben poderá poñérselle fin ao convenio antes do 30 de xuño en caso de que a clasificación das áreas de produción mude a “B”. Ademais, o protocolo poderá ser prorrogado novamente se as partes así o acordan antes de que remate a súa vixencia.

As accións que desenvolverán os mariscadores consisten basicamente en traballos de limpeza das zonas de produción, traslados de semente de bivalvos de áreas de baixa produción a outras de mellor crecemento, así como o acondicionamento do substrato. Estas tarefas son executadas coa participación activa dos titulares de permiso de explotación para marisqueo a pé asociados ás confrarías de pescadores de Raxó, Lourizán e Pontevedra, que veñen traballando de xeito conxunto no banco marisqueiro de Placeres. Pola súa banda, os pósitos encárganse de coordinar e controlar a distribución e



realización dos traballos, baixo a supervisión dos técnicos designados pola Administración pesqueira galega, así como de remitir á Consellería de Pesca a documentación requirida.



A XUNTA E O MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE INVISTEN MÁIS DE 24 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DE INFRAESTRUTURAS AMBIENTAIS EN ZONAS DA REDE NATURA 2000

- ***As actuacións recollidas no convenio prevén a construción de centros de uso público e investigación e de recuperación de fauna ameazada***
- ***Tamén se porán en marcha iniciativas de conservación e recuperación do hábitat e de especies dentro de Rede Natura 2000, así como de erradicación de especies invasoras***
- ***O acordo permitirá construír os centros de interpretación da reserva da biosfera do Río Eo, do Parque Natural de Fragas do Eume e dos futuros espazos protexidos dos Ancares, O Courel, Macizo Central e Pena Trevinca***
- ***Con cargo a este convenio tamén se recuperará a aldea ambiental do Parque Natural do Xurés e construírse o futuro Centro de Mamíferos Mariños de Baiona e unha aula da natureza en Ribas de Sil***
- ***A Consellería de Medio Ambiente destinará 4 millóns de euros, mentres que o Ministerio achegará 20.888.992 millóns de euros***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño investirán 24.888.992 millóns de euros en actuacións que se levarán a cabo en zonas da Rede Natura 2000, segundo un convenio de colaboración autorizado polo Consello da Xunta.

Coa finalidade de impulsar actuacións de conservación e mellora da diversidade biolóxica nos espazos da Rede Natura 2000 de Galicia, ambas as dúas administracións colaborarán na dotación de centros de uso público e investigación, de recuperación de fauna ameazada, iniciativas de conservación e recuperación do hábitat e de especies dentro destas zonas, así como a erradicación de especies invasoras. No marco deste convenio crearanse os centros de interpretación da reserva da biosfera do Río Eo, do Parque Natural de Fragas do Eume e os futuros dos Ancares, O Courel, Macizo Central e Pena Trevinca; recuperarase a aldea ambiental do Parque Natural do Xurés e construíranse outras infraestruturas de uso público en espazos locais e da Rede Natura.

Deste convenio beneficiaranse tamén o futuro Centro de Mamíferos Mariños de Baiona, a Aula da Natureza de Ribas de Sil e levaranse a cabo accións de divulgación e concienciación da biodiversidade. A conservación do medio centrarase na recuperación de turbeiras e humedais, especies ameazadas, corredores ecolóxicos e ecosistemas fluviais. Estas accións completaranse con programas de conservación e recuperación da biodiversidade, de custodia do territorio en hábitats comunitarios e hábitats con especies catalogadas e de diagnóstico, planificación e servizos ambientais.

O investimento nos catro anos de colaboración estipulados no convenio por parte da Consellería de Medio Ambiente será de 4 millóns de euros, mentres que o Ministerio achegará 20.888.992 millóns de euros, procedentes nun 70 por cento de fondos FEDER. A Xunta incluírá ademais os terreos afectados polas obras e, unha vez rematadas as



infraestruturas ambientais, serán transferidas ao Goberno galego, que asumirá os custos de funcionamento, mantemento e conservación.

Un comité bilateral encargárase de dar impulso e facer o seguimento e control das actuacións previstas. Así, comprobará que os proxectos se axustan aos obxectivos do convenio, modificando o seu contido e importe.

Actuacións previstas no convenio:

1.- Centros e actuacións de uso público e divulgación
Centro de Interpretación da Reserva da Biosfera do Río Eo (Lugo)
Centro de Interpretación do Parque Natural de Fragas do Eume (A Coruña)
Centro de Interpretación do futuro Parque Natural dos Ancares (Lugo)
Centro de Interpretación do futuro Parque Natural do Courel (Lugo)
Centro de Interpretación do futuro Parque Natural do Macizo Central (Ourense)
Centro de Interpretación do futuro Parque Natural de Pena Trevinca (Ourense)
Aldea Ambiental do Parque Natural do Xurés (Ourense)
Infraestruturas de uso público en espazos locais e Rede Natura 2000
2.- Centros de recuperación de fauna ameazada
Centro de Mamíferos Mariños de Baiona (Pontevedra)
Aula da Natureza de Ribas de Sil (Lugo)
Accións de divulgación e concienciación da diversidade e Rede Natura 2000
3.- Conservación e recuperación de hábitats e especies da Rede Natura 2000
Recuperación das turbeiras e zonas húmidas
Programas de conservación e recuperación da biodiversidade
Accións de recuperación de especies ameazadas
Custodia do terreo en hábitats comunitarios e hábitats de especies catalogadas
Conservación de corredores ecolóxicos e ecosistemas fluviaes da Rede Natura
Diagnóstico, planificación e servizos ambientais
4.- Eliminación de especies exóticas invasoras



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SOGAMA PARA CONTRATAR SERVIZOS DE OPERACIÓN, MANTEMENTO E LIMPEZA PARA 16 PLANTAS DE TRANSFERENCIA DE LIXO DE GALICIA

- ***A contratación será de catro anos e terá un custo estimado de 15.212.763 euros, que terán cargo aos orzamentos de Sociedade Galega de Medio Ambiente***

O Consello da Xunta autorizoulle á Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama) a contratación dos servizos de operación, mantemento e limpeza para as 16 plantas de transferencia de residuos Galicia.

A contratación é de catro anos, aínda que prorrogable, e terá un custo total de 15.212.763 millóns de euros, a cargo dos orzamentos de Sogama. A contratación destes servizos para o grupo I de plantas de transferencia, que agrupa as situadas na metade norte da comunidade, é de 7.932.157 millóns de euros, mentres que para o grupo II, as localizadas en municipios do sur de Galicia, o importe ascende a 7.280.606 millóns.

Deste xeito, contarán con estes servizos as plantas de transferencia de Cee, Boiro, Ribadumia, Santa Comba, Lugo, Narón, Viveiro e Barreiros no norte e Vigo, O Porriño, O Rosal, Ourense, A Rúa, Monforte de Lemos, Silleda e Chantada no Sur.

A Sociedade Galega de Medio Ambiente, cuxas instalacións están situadas en Cerceda (A Coruña), está participada nun 51 por cento pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e nun 49 por cento pola eléctrica Unión Fenosa.



O GOBERNO GALEGO DESTINA MÁIS DE 5,7 MILLÓNS DE EUROS A OBRAS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NOS CONCELLOS CORUÑESES DE RIANXO E A LARACHA

- ***O Consello da Xunta autorizou os convenios que permitirán realizar actuacións de saneamento e abastecemento nas parroquias de Isorna e Leiro, en Rianxo, e ampliar a rede de sumidoiros ás parroquias de Coiro, Lemaio, Lendo, Lestón e Torás, na Laracha***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a investir 5.723.266 millóns de euros en obras hidráulicas nos concellos de Rianxo e A Laracha (A Coruña).

Os convenios de colaboración que a Consellería asinará co Concello de Rianxo permitirán realizar obras de saneamento e abastecemento na parroquia de Isorna, por un valor de 2.643.664 millóns de euros.

As obras consisten na construción dunha rede de quince colectores e as estacións de bombeo necesarias ata a nova estación depuradora de augas residuais (EDAR) que terá capacidade para tratar as augas de 1.200 habitantes equivalentes. As obras de abastecemento suporán a instalación de redes de condución da auga na mesma gabiá que as de saneamento.

Por outra banda, acometerase tamén en Rianxo o saneamento e o abastecemento da parroquia de Leiro. O obxectivo do convenio é mellorar o saneamento actual ca construción dunha rede de colectores xerais, estacións de bombeo e dunha edar con capacidade para 900 habitantes equivalentes. As actuacións de saneamento pretenden completar a rede xa existente, coa conexión a un depósito próximo ao núcleo de Rial e redes ao núcleo de Rañó e ao longo da estrada DP-3301. A consellería destina a estas obras un total de 2.220.048 millóns de euros.

No municipio da Laracha, a Consellería de Medio Ambiente destinará 859.554 euros a ampliar a rede de saneamento das parroquias de Coiro, Lemaio, Lendo, Lestón e Torás. As actuacións consistirán na construción de colectores e bombeos que leven as augas residuais ata as depuradoras existentes, situadas no Formigueiro e no Retorno.



O GOBERNO GALEGO INVISTE 588.025 EUROS EN OBRAS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NO CONCELLO DE COLES (OURENSE)

- ***As actuacións consistirán na construción de novos tramos de abastecemento e mellora na parroquia de Gustei e a instalación dunha rede de saneamento no núcleo de Sobral, na marxe esquerda da pista a Gustei e na zona do Viso***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o municipio ourensán de Coles para a dotación dunha rede de abastecemento e de saneamento.

As actuacións consistirán na construción de novos tramos da rede de abastecemento e na mellora desta nas zonas altas da parroquia de Gustei, así como instalación dunha rede de saneamento no núcleo de Sobral, na marxe esquerda da pista a Gustei e na zona do Viso.

O prazo de execución das obras, nas cales a consellería investirá 588.025 euros no 2009, é de seis meses.



A XUNTA INVISTE PRETO DE 600.000 EUROS EN ACTUACIÓNS DE MELLORA DA BACÍA DO RÍO BISPO, EN BUEU (PONTEVEDRA)

- *As obras porán fin aos problemas de asolagamento que se dan periodicamente no núcleo urbano de Bueu*
- *Construirase unha canle aberta ao mar para a evacuación das augas procedentes da chuvia, así como un emisario submarino nun novo desaugadoiro de pluviais na rúa Alexandre Bóveda*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destina 599.489 euros, para investir o próximo ano, á realización de actuacións de mellora na bacía do río Bispo, en Bueu (Pontevedra), co fin de resolver os problemas de asolagamento que se orixinan no centro urbano do municipio de xeito periódico.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio, que estipula a construción dunha canle aberta ao mar que mellore a evacuación das augas pluviais, levantando as actuais tubaxes. Ademais, contempla a construción dun emisario submarino nun novo desaugadoiro de pluviais na rúa Alexandre Bóveda.

Estas obras pretenden recuperar a bacía do río Bispo, tendo en conta as súas potencialidades de mellora ambiental e, consecuentemente, dun mellor aproveitamento para o uso público das ribeiras.



O GOBERNO GALEGO DESTINA MÁIS DE 22 MILLÓNS DE EUROS AO FOMENTO DA INTEGRACIÓN LABORAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- ***A Consellería de Traballo establece dous programas: o de fomento da contratación indefinida das persoas con discapacidade na empresa ordinaria e o de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego***

O Consello da Xunta aprobou a orde pola que se regulan as bases dos programas de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria para o presente ano. O Goberno galego destinará un orzamento total de 22,1 millóns de euros.

Tal e como se recolle no texto da orde, as dificultades de acceso ao mercado laboral das persoas con discapacidade exigen un compromiso do conxunto da sociedade e unha actuación conxunta das administracións públicas, dos interlocutores sociais e das entidades do movemento asociativo da discapacidade. A finalidade última é conseguir a integración sociolaboral das persoas con discapacidade mediante o acceso a un emprego.

O Goberno galego considera prioritario o apoio á integración laboral das persoas con discapacidade, por iso deseñou dous tipos de programas: o de fomento da contratación indefinida das persoas con discapacidade na empresa ordinaria e o de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego.

Terán consideración de persoas con discapacidade as que teñan recoñecida pola administración competente unha minusvalidez nun grao igual ou superior ao 33 por cento. Mentres que para os efectos das axudas previstas ao abeiro desta orde terán consideración de persoas desempregadas aquelas que figuren inscritas como demandantes de emprego no servizo Público de Emprego.

A xestión deste programa realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non-discriminación; de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo; e de eficacia na asignación e utilización de recursos públicos.

Fomento da contratación indefinida na empresa ordinaria

Esta medida ten por obxectivo incentivar a contratación indefinida de traballadores con discapacidade en situación de desemprego. A finalidade é fomentar e favorecer a súa integración laboral no sistema ordinario de traballo.

As beneficiarias desta liña de axudas son as empresas, independentemente da súa forma xurídica, incluídos os autónomos, as sociedades civís e as comunidades de bens. Non



entanto non poderán ser beneficiarias as administracións públicas e as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes destas.

Polo tanto, as empresas que contraten con carácter indefinido traballadores cunha minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento poderán beneficiarse das seguintes axudas: unha subvención por valor de 3.907 euros por cada traballador contratado, que aumentará en 600 euros no caso de que o contratado sufra unha discapacidade igual ou superior ao 49 por cento. Ademais tamén se establece outro incentivo de 600 euros cando a contratación indefinida sexa asinada por unha muller.

Ao abeiro deste programa, tamén se recolle unha axuda, compatible coas anteriores, de ata 902 euros para a adaptación de postos de traballo ou para a dotación de equipamentos de protección persoal necesarios para evitar accidentes laborais ao traballador con discapacidade. Esta subvención pode ser solicitada pola empresa ou polo propio traballador contratado.

Programa de integración laboral en centros especiais de emprego

A finalidade desta liña de axudas é incentivar a creación, ampliación e mantemento do emprego nos centros especiais de emprego, mediante o financiamento de iniciativas ou proxectos viables que xeran emprego estable.

Os beneficiarios desta medida son os centros especiais de emprego, cualificados e inscritos como tales, que asinen un convenio de colaboración coa empresa que contrata ao traballador, procedente do mesmo centro ou doutro centro especial de emprego.

No referente ás axudas, tal e como se recolle no texto do documento considéranse subvencionables os proxectos de creación e ampliación do cadro de persoal do centros especiais de emprego e o mantemento destes centros.

A determinación da contía das axudas establecerase en función da porcentaxe de traballadores con discapacidade respecto do total do cadro de persoal do centro especial de emprego. Deste xeito, poderase acadar a contía máxima da axuda (un 90 por cento, cando o número de traballadores con discapacidade sexa de entre o 70 e o 90 por cento do total do cadro de persoal.

Outro suposto en que se poderá optar a esta contía máxima é cando o número de traballadores con discapacidade supere o 70 por cento e se complete o cadro de persoal ata o 90 por cento coa contratación de desempregados pertencentes a colectivos en risco de exclusión social.

Centros especiais de emprego

Os centros especiais de emprego son aqueles cuxo obxectivo principal é realizar un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións do mercado e tendo como finalidade asegurar un emprego remunerado aos traballadores con discapacidade. Ao tempo, teñen a misión de prestar os servizos de axuste persoal que estes requiran.



Trátase dun medio de integración do maior número de traballadores e traballadoras con discapacidade ao réxime de traballo normal.

En definitiva, os centros especiais de emprego son fórmulas de emprego protexido que constitúen unha primeira aproximación ao mercado laboral para moitas persoas con discapacidade. Nalgúns casos, como os das persoas que sofren unha discapacidade máis severa, son a súa principal posibilidade de incorporación a el.

Prazos e solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes de axudas e subvencións dos distintos programas da orde aprobada finaliza o vindeiro 15 de setembro de 2009. Todas aquelas entidades que desexen acollerse a unha subvención poderán descargar e consultar as solicitudes e os anexos dos programas a través da páxina web da Consellería de Traballo: <http://traballo.xunta.es>.

Así mesmo, para a presentación de solicitudes os beneficiarios poderán contar coa asesoramento do persoal técnico de emprego da rede coordinada pola Consellería de Traballo. (www.tecnicosdeempregogalicia.xunta.es).



A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 84 MILLÓNS DE EUROS NA POSTA EN MARCHA DE ESCOLAS OBRADOIRO E CASAS DE OFICIO, OBRADOIROS DE EMPREGO E UNIDADES DE PROMOCIÓN ATA O ANO 2011

- **Terán prioridade as iniciativas que xurdan como consecuencia dos pactos territoriais de emprego**
- **Con esta nova convocatoria consolídase a impartición dun módulo de sensibilización en igualdade de xénero**

O Consello da Xunta aprobou hoxe a orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para os programas de escolas e casas de oficio, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento. Para a posta en marcha destas iniciativas, que se desenvolverán ata o ano 2011, Traballo dedicará unha partida orzamentaria de máis de 84 millóns de euros. Concretamente, do orzamento total 22,1 millóns de euros serán xestionados en 2009, 37,5 ao longo de 2010 e 24,9 en 2011.

Con esta convocatoria consolídase a introdución dentro da formación dos alumnos e alumnas dun módulo de sensibilización en igualdade de xénero. Ademais este feito dá cumprimento ao establecido na Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, aprobada polo Parlamento galego en 2007.

Seguindo a liña iniciada no ano 2006 e en coherencia co acordo *Obxectivos e Medidas de Emprego de Galicia* acadado no marco do Diálogo Social, manteranse criterios obxectivos para a distribución territorial dos fondos e estableceranse as porcentaxes indicativas dos colectivos prioritarios de beneficiarios e beneficiarias das políticas activas de emprego. Ademais, tamén terán prioridade aqueles proxectos que xurdan como consecuencia dos pactos territoriais de emprego, fórmula que está poñendo en marcha a Consellería de Traballo para trasladar a concertación social do eido do emprego ao contorno local. Un pacto territorial de emprego é un instrumento de participación da Administración local e dos axentes económicos e sociais nas políticas da Consellería de Traballo.

A finalidade destas actividades é a mellora da empregabilidade e ocupabilidade das persoas desempregadas, mediante a realización de obras ou servizos de interese xeral e social. Deste xeito, posibilitase ao alumnado traballador a realización dun traballo que lle reporte cualificación profesional e favoreza a súa inserción laboral.

Segundo se recolle no texto da orde, a programación destas iniciativas formativas estará relacionada cos plans integrais de emprego, de xeito que dean resposta ás demandas do mercado de traballo e que sexan capaces de activar o desenvolvemento territorial, é dicir, que xeren riqueza e postos de traballo.

Os beneficiarios dos programas de formación-emprego son os mozos e mozas inscritos no Servizo Público de Emprego como demandantes de emprego, menores de 25 anos no caso das escolas obradoiro e casas de oficios, ou maiores de 25 anos no caso dos obradoiros de emprego. Por outro lado, as mulleres representarán un total do 64% dos



beneficiarios, as persoas demandantes de primeiro emprego serán un 15%, do cal o 77% serán mulleres, mentres que as persoas paradas de longa duración suporán un 42% dos beneficiarios (un 70% mulleres).

En canto aos beneficiarios das subvencións, os proxectos de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego poderán ser promovidos por organismos autónomos e entes públicos da nosa Comunidade ou do Estado, entidades locais, consorcios e universidades, así como fundacións, asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro.

Escolas obradoiro e casas de oficios

As escolas obradoiro son unidades de carácter temporal en que a aprendizaxe e a formación se alternan cun traballo produtivo en actividades relacionadas coa recuperación ou promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural. Por outra banda, as casas de oficios son centros de aprendizaxe e de animación do emprego xuvenil de carácter temporal, con implantación principalmente nos núcleos urbanos. A aprendizaxe e cualificación alérganse cun traballo produtivo en actividades relacionadas co mantemento e coidado de contornos urbanos ou do ambiente.

Obradoiros de emprego

Outras das modalidades dos programas de formación-emprego son os obradoiros de emprego. Estes proxectos mixtos combinan accións de formación e emprego dirixidos a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas maiores de 25 anos coa finalidade de facilitar a súa posterior integración no mercado de traballo.

Tanto nas escolas obradoiro como nos obradoiros de emprego e as casas de oficio impártese unha formación complementaria que inclúe coñecementos informáticos, sensibilización ambiental e en igualdade de xénero. Tamén se ofrecerán módulos formativos sobre prevención de riscos laborais, relacionados coa actividade a desempeñar.

Unidades de promoción e desenvolvemento

As unidades de promoción e desenvolvemento son módulos de intervención en ámbitos territoriais supramunicipais. Entre as súas funcións destaca a súa colaboración na preparación, acompañamento e avaliación dos proxectos de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego, ademais de traballar na posta en valor das potencialidades de desenvolvemento e emprego do seu territorio.

As unidades de promoción constitúen un instrumento básico e fundamental na dinamización e detección de novas expectativas de emprego e iniciativas emprendedoras no ámbito local, especialmente nas relacionadas cos novos filóns de emprego.

Coa implantación destas medidas, a Consellería de Traballo trata de fomentar o emprego estable e sen precariedade, a igualdade entre homes e mulleres, a mellora das relacións laborais, unha formación permanente e eficaz e o crecemento da economía e do tecido produtivo. O obxectivo é situar Galicia nuns indicadores aceptables de convivencia e de



cohesión social, que se axusten a parámetros medios en correspondencia coa Unión Europea.



O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ MÁIS DE 10 MILLÓNS DE EUROS NO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL

▪ ***As accións subvencionadas e promovidas pola Consellería de Traballo están dirixidas ás persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego***

O Goberno galego aprobou, na reunión desta mañá, a orde pola que se procede á convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego.

Para a posta en marcha destas accións, a Consellería de Traballo destinará máis de 10 millóns de euros. Deste total, preto de 8 millóns (7.996.234) serán investidos ao longo de 2009 e 2.900.000 en 2010.

Os beneficiarios destas axudas son as universidades públicas, as corporacións locais, as confederacións e asociacións empresariais e sindicais de Galicia, e as entidades especializadas en atención a determinados colectivos. Os beneficiarios das accións son todos os demandantes inscritos no Servizo Público de Emprego (SPE).

Outros dos criterios que se establecen á hora de avaliar a adxudicación destas axudas son acreditar experiencia no desenvolvemento deste tipo de actuacións, desenvolver de forma habitual e ordinaria tarefas de información e orientación profesional e laboral como actividade non lucrativa, así como outras medidas de carácter ocupacional complementarias para que os demandantes logren a súa inserción ou mellora da empregabilidade.

Nesta orde recóllense dous tipos de proxectos subvencionables: o programa de información profesional e o programa de orientación laboral e busca de emprego. Os centros colaboradores ou o Servizo Público de Emprego levarán a cabo accións, dentro de ambos programas, coa finalidade de proporcionar información a cada usuario, renovar ou modificar o currículo. Tamén procederán ao tratamento da demanda, é dicir, realizarán unha entrevista individual e personalizada, a comprobación e validez dos datos do usuario e introdución na base de datos do SPE.

Outro dos obxectivos destes programas é a captación de ofertas de traballo, polo que se porán en contacto co empregador, recollerán o perfil profesional das prazas vacantes e remitirán a información á oficina de emprego correspondente para a tramitación da devandita oferta de emprego.

Tamén poderán desenvolverse accións colectivas dirixidas á adquisición das capacidades básicas que permitirán aos demandantes artellar itinerarios activos e eficaces na busca de emprego. Non entanto, estas accións deberán ser autorizadas previamente pola Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo, que determinará a duración, o número de participantes de cada acción e a metodoloxía que se empregará.



As axudas que se promoven estarán destinadas a sufragar os gastos derivados das retribucións totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, de todos os traballadores que executen as accións de información, orientación e busca de emprego.



O GOBERNO GALEGO IMPULSARÁ NOS VINDEIROS DOUS ANOS PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO ORZADOS CON 3,7 MILLÓNS DE EUROS

- ***Corporacións locais e entidades sen ánimo de lucro poderán solicitar subvencións para poñer programas en marcha***
- ***O obxectivo é buscar un posto de traballo para persoas desempregadas mediante o ensaio de fórmulas experimentais e un tratamento integrado da inserción laboral***

A Xunta de Galicia destinará o ano que vén 1,5 millóns de euros á concesión de subvencións para a posta en marcha de programas integrados para o emprego, orzamento que en 2010 ascenderá a 2,2 millóns. Este investimento desenvolverase en virtude dunha orde que ten por obxectivo a inserción no mercado de persoas desempregadas mediante fórmulas experimentais de actuación e o tratamento integrado da inserción laboral.

Considérase programa integrado de emprego aquel que combina accións de diferente natureza, como información, orientación e asesoramento, formación, práctica laboral e mobilidade xeográfica. Nestes plans estableceranse obxectivos cuantitativos previstos de inserción laboral, de polo menos un 35% dos desempregados participantes.

Poderán ser beneficiarias das subvencións as corporacións locais e as entidades sen ánimo de lucro que acrediten experiencia na realización de accións dirixidas ao acompañamento a desempregados en procesos de inserción laboral por conta allea ou propia.

Terán prioridade os programas que teñan por obxectivo a busca de traballo para persoas con discapacidade, inmigrantes, mulleres con dificultades de inserción laboral, persoas en risco de exclusión social, perceptores de subsidios e prestacións por desemprego, ou desempregados de longa duración. Todos eles deberán figurar como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego.

O financiamento total para cada entidade determinarase no correspondente convenio de colaboración, en función do número de persoas que se atenderá no proxecto en cuestión e os obxectivos de inserción. As entidades percibirán un máximo de 1.800 euros por persoa atendida e de 5.400 euros por persoa atendida e inserida no mercado laboral. En ningún caso poderá percibirse unha cantidade superior a 2.400 euros de media por desempregado participante no plan.

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da orde no Diario Oficial de Galicia.



A XUNTA INCORPORA O CRITERIO DE IGUALDADE NA ORDE DE AXUDAS PARA A DIFUSIÓN DO COOPERATIVISMO

- ***Serán destinados case 600.000 euros para o financiamento de actividades de difusión da fórmula cooperativa como alternativa de emprego***

O Goberno galego aprobou hoxe a orde de axudas que ten por obxectivo o financiamento de actividades de promoción do cooperativismo ao longo de 2009. Esta orde, que será publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) nos próximos días, incorpora nesta edición dúas novidades: en primeiro lugar, as entidades beneficiarias poderán obter un anticipo de ata un 50% da subvención no momento da concesión. Asemade, o criterio de igualdade sumarase aos xa establecidos para determinar a puntuación das solicitudes presentadas.

Os novos criterios de avaliación reflicten por unha banda a importancia dos procesos de intercooperación entre asociacións e, pola outra, o necesario estímulo dos procesos de incorporación das mulleres á dirección das cooperativas.

A orde ten por obxectivo convocar as axudas de 2009 para o fomento e consolidación das cooperativas, subvencionando parcialmente os seus gastos normais de funcionamento e a realización de actividades de promoción do cooperativismo. Son considerados gastos normais de funcionamento alugueres e gastos de mantemento de locais e equipos; gastos de persoal; gastos de comunicacións; mantemento da páxina web; cotas asociativas a entidades de intercooperación de ámbito superior á Comunidade Autónoma galega; gastos de representación e participación en congresos; ou celebración de asembleas e reunións.

Considéranse actividades de promoción do cooperativismo a organización de actividades divulgativas ou formativas; a elaboración, publicación e difusión de estudos, manuais ou folletos; a elaboración de proxectos de intercooperación e integración; a asistencia a feiras e congresos; ou outras accións promocionais.

O crédito dispoñible para a concesión destas axudas ascende 599.231 euros.

Entidades beneficiarias

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as asociacións de cooperativas con actividade acreditada e debidamente inscritas no Rexistro Central de Cooperativas de Galicia, dependente da Consellería de Traballo. O prazo de presentación rematará aos 40 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da orde no DOG.

A concesión e contía das axudas para os gastos normais de funcionamento serán fixadas en función da representatividade das asociacións solicitantes, así como polo nivel de actividade que desenvolvan. En segundo lugar, valorarase o número de cooperativas asociadas.



En canto á avaliación das actividades de promoción do cooperativismo, teranse en conta a adecuación dos obxectivos ao Plan estratéxico para o cooperativismo; as propostas formativas dirixidas a fomentar a incorporación das mulleres aos consellos reitores das cooperativas e postos directivos; as propostas innovadoras que acheguen novos enfoques ao cooperativismo; a solvencia da entidade solicitante para desenvolver a actividade; a viabilidade do proxecto presentado; e o emprego da lingua galega na realización das accións.



A XUNTA REMATA A TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA DO PARQUE EMPRESARIAL DE LEIXA COA APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO SECTORIAL

- ***Tamén se aprobou a Modificación puntual do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia necesaria para o desenvolvemento deste parque, ademais do correspondente proxecto de obra***
- ***Este parque, desenvolvido pola SEA, terá unha superficie de total de 900.623 metros cadrados***

O Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, aprobou definitivamente a modificación puntual do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia, xunto co proxecto sectorial do parque empresarial de Leixa, en Ferrol, e o correspondente proxecto de obra para a execución deste parque, que conta cunha superficie total de 900.623 metros cadrados.

O Parque Empresarial de San Pedro de Leixa será desenvolvido pola sociedade Suelo Empresarial del Atlántico (SEA), da que a Consellería de Vivenda e Solo posúe un 15%.

Este parque contará cunha superficie total de 900.623 metros cadrados, dos que 500.971 metros cadrados serán de uso empresarial, 261.938 resérvanse para espazos libres e zonas verdes, outros 18.424 metros cadrados para equipamentos e o resto para vías e aparcamentos.

A superficie destinada a uso empresarial estará distribuída en parcelas de entre 300 e 2.500 metros cadrados para edificacións acaroadas de uso empresarial, parcelas de entre 2.500 e 10.000 metros cadrados para edificacións semiacaroadas e uso industrial-empresarial e, por último, parcelas de máis de 5.000 metros cadrados para uso exclusivamente industrial.

A carón do Parque Empresarial de Leixa desenvolverase unha Zona de Actividades Loxísticas (ZAL), cunha superficie de 348.351 metros cadrados, reservada para industrias cun alto compoñente loxístico que precisan de parcelas de gran tamaño.



A LICITACIÓN DA OBRA PÚBLICA DA XUNTA INCREMENTOUSE UN 34% RESPECTO DO ANO 2007 E SUPEROU OS OBXECTIVOS DO GOBERNO

- ***O impulso da licitación pública ata o 30 de decembro, permitiu aprobar e licitar obras por 1.598 millóns de euros, un 34% máis que no mesmo período de 2007***
- ***A licitación de infraestruturas de transportes acadou os 990 millóns de euros, superando en case un 57% os compromisos fixados en xaneiro para todo o ano***
- ***No ámbito da vivenda, entregáronse 3.567 vivendas de protección autonómica e licitáronse 690 vivendas de promoción pública nas áreas próximas ás principais cidades***
- ***O importe total do financiamento achegado ás empresas elévase a 750 millóns de euros, o que supera nun 5% o obxectivo anual establecido***
- ***Estes apoios mobilizan un investimento total de cerca de 2.000 millóns de euros***

O Consello da Xunta realizou hoxe o seguimento das medidas de reactivación económica postas xa en marcha polo Goberno galego no mes de xaneiro. O informe presentado polo conselleiro de Economía e Facenda, José Ramón Fernández Antonio, recolle que o impulso da licitación pública ata o 30 de decembro, permitiu aprobar e licitar obras por 1.598 millóns de euros, un 34% máis que no mesmo período de 2007 e superando tamén a cifra prevista en xaneiro. Cómpre salientar o importante volume de obra en infraestruturas de transportes, que con 990 millóns de euros supera en case un 57% os compromisos fixados en xaneiro para o conxunto do ano. No ámbito da vivenda, se entregaron 3.567 vivendas de protección autonómica, e se licitaron 690 vivendas de promoción pública nas áreas próximas ás principais cidades, onde existe maior demanda, cun investimento asociado de 76,2 millóns de euros. Ademais, se concederon 31.737 axudas para actuacións de rehabilitación, das que 2.240 son rehabilitacións integrais de vivendas.

No referente ás medidas de apoio para facilitar o acceso das empresas ao financiamento e paliar as restricións de liquidez no tecido empresarial cabe subliñar as aportacións de financiamento da Xunta de Galicia ás empresas a través de préstamos, avais, capital risco e subvencións; do reforzo do capital das sociedades de garantía recíproca, e dos convenios e contratos con organismos de crédito estatal e europeo como o Instituto de Crédito Oficial e o Banco Europeo de Investimentos (BEI). O importe total do financiamento aportado elévase a 750 millóns de euros, o que supera nun 5% o obxectivo anual establecido. Estes apoios mobilizan un investimento total de cerca de 2.000 millóns de euros. Do total de recursos 508 millóns de euros foron préstamos; 62 millóns avais; 75 millóns operacións de capital risco, e 105 millóns subvencións. O informa subliña tamén a sinatura o pasado 23 de decembro do convenio regulador coas principais entidades financeiras galegas para a posta en marcha do seguro de pagos protexidos para compra ou reforma de vivenda e adquisición de automóviles.

No ámbito do apoio á creación de emprego, destináronse 19 millóns de euros a programas de emprego directo co obxectivo de crear 2.000 novos empregos. Destacan as actuacións de mellora medioambiental para poñer en valor os recursos naturais en



sistemas fluviais e en espazos naturais (565 persoas en proceso de contratación); actuacións inmediatas de reforzo e intensificación dos programas de conservación e mantemento da rede autonómica de estradas (225 persoas en proceso de contratación) e actuacións no medio rural (600 persoas en proceso de contratación).

Ademais, puxéronse en marcha o Programa Laxa dirixido ao sector da extracción de minerais que conta ata o de agora con 85 solicitantes do programa de préstamos persoais e 747.100 euros de financiamento; o programa Reorienta para desempregados con 834 beneficiarios de programas experimentais de emprego e 4.360 expedientes de apoio ao emprendemento e o Plan da Automoción a través do cal se asinaron 84 convenios cas empresas do sector da automoción e 7.189 traballadores.